

4. Todas as revogacións e suspensións acordadas pola Comisión deberán ser comunicadas á Administración tributaria.

A Administración tributaria poderá practicar a regulación que, se é o caso, sexa procedente en atención aos acordos de revogación ou suspensión que sexan executivos, sen prexuízo da aplicación do citado artigo 219 da Lei xeral tributaria á vista da resolución dos recursos interpostos contra aqueles.

5. Considerarase período de interrupción xustificada, para efectos do disposto no punto 2 do artigo 104 da Lei xeral tributaria, o tempo que transcorra entre a comunicación efectuada pola Administración tributaria e a recepción por esta do pronunciamento ou acordo da Comisión, ou o prazo de seis meses a que alude o punto 3 anterior de non recibirse aqueles nese termo. Se a execución do acordo da Comisión resultase suspendida, o período de interrupción abranguerá ata a finalización da suspensión do acordo.

#### Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

#### Disposición derradeira primeira. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

#### Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.*

Dáse nova redacción aos puntos 5 e 6 da disposición adicional segunda, que quedarán redactados nos seguintes termos:

«5. O réxime previsto nos puntos 2 e 3 desta disposición será tamén aplicable ás emisións de instrumentos de débeda realizadas por entidades que cumpran os requisitos da alínea a) do punto 1 e que coticen en mercados organizados. Ademais, no caso de emisións realizadas por unha entidade filial, a súa actividade ou obxecto exclusivo será a emisión de participacións preferentes e/ou outros instrumentos financeiros, e deberán cumprirse os requisitos de cotización en mercados organizados e de depósito permanente e garantía da entidade dominante que se establecen nas alíneas g) e b) do devandito punto. Igualmente, resultará aplicable o citado réxime aos valores cotizados en mercados organizados e emitidos con cargo a fondos de titulación hipotecaria, regulados pola Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime de sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulación hipotecaria e a fondos de titulación de activos regulados pola disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro.

6. O disposto nesta disposición adicional será aplicable, igualmente, ás participacións preferentes ou a outros instrumentos de débeda emitidos por entidades cotizadas que non sexan de crédito ou por unha sociedade residente en España ou nun territorio da Unión Europea, que non teñan a consideración

de paraíso fiscal, e cuxos dereitos de voto correspondan na súa totalidade, directa ou indirectamente, a entidades cotizadas que non sexan de crédito. Nestes casos, para proceder á amortización anticipada non será necesaria a autorización prevista na alínea f) do punto 1, e non será de aplicación o límite establecido na alínea i) do mesmo punto 1.»

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O disposto no título I producirá efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei.

O disposto no artigo segundo. un producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2006.

Polo tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**19005** *LEI 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade.* («BOE» 277, do 19-11-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O principal obxectivo da política económica levada a cabo polo Goberno é aumentar o benestar dos cidadáns. Para alcanzar este obxectivo é preciso impulsar un modelo de crecemento equilibrado, sustentado e sustentable, baseado no aumento da produtividade e do emprego, que permita atender as necesidades colectivas e promover unha maior cohesión social, ao mesmo tempo que facilite a resposta aos retos derivados da cada vez maior integración económica nos mercados europeos e mundiais.

O modelo de crecemento económico seguido nos últimos anos, aínda que contribuíu a aproximar os niveis de renda per cápita de España aos dos países máis avanzados da Unión Europea, presentou carencias que é indispensable afrontar e corrixir. Por un lado, apoiouse en factores, como o favorable tipo de cambio con que se entrou na moeda única ou a significativa redución dos tipos de xuros, cuxos efectos positivos tenden a se moderar. Por outro lado, este modelo presenta unha debilidade estrutural que, ademais, se intensificou nos últimos anos: a escasa contribución da produtividade ao crecemento. Esta debilidade deu lugar a que o nivel medio de produtividade da economía española se afastase, nos últimos

anos, do dos países máis avanzados do noso contorno, en lugar de converxer.

O afastamento con respecto aos niveis de produtividade dos países máis avanzados representa un serio risco para a evolución da economía española, tanto a longo prazo como de forma máis inmediata. A longo prazo, a produtividade é o principal determinante do crecemento económico e o seu aumento é esencial para garantir a sustentabilidade futura do estado do benestar, especialmente no marco de envellecemento da poboación a que se enfronta a nosa sociedade. De forma máis inmediata, no contexto de crecente apertura e integración da economía española nos mercados europeos e internacionais, o aumento da produtividade é indispensable para absorber os incrementos nos custos de produción e evitar así perdas de competitividade que suporían un freo ao crecemento.

En consecuencia, é necesario adoptar reformas que impulsen o aumento da produtividade no sistema económico. Trátase, por esta vía, de contribuír a situar a economía española en condicións de comezar a corrixir as carencias da súa pauta de crecemento, como vía para garantir a súa sustentabilidade.

Con estes propósitos, a través desta lei, introdúcese reformas de impulso e estímulo á produtividade que forman parte dun conxunto máis amplo, en que se estruturan e coordinan unha variedade de actuacións, en diferentes ámbitos e con distintos prazos de execución, orientadas a dinamizar a economía española e a impulsar a súa produtividade.

## II

Mediante esta lei régulanse unha serie de materias cuxo contido esencial o constitúen as reformas de carácter liberalizador nos mercados de bens e servizos que perseguen, a través do impulso á competencia efectiva, estimular o aumento da produtividade e, por esta vía, contribuír a corrixir as carencias xa sinaladas no modelo de crecemento económico.

Adicionalmente, recóllense medidas de carácter administrativo, incluíndo o ámbito da fe pública, que teñen por obxecto a mellora no funcionamento da Administración nas súas relacións cos cidadáns.

## III

No título I recóllense un conxunto de reformas en materia de mercados de produtos e servizos, que potencian as condicións de competencia efectiva en diversos sectores da economía española.

No capítulo primeiro avánzase na reforma dos mercados enerxéticos, onde se adoptan medidas para fomentar un comportamento máis eficiente dos axentes e afondar nunha liberalización ordenada do sector, que, dado o seu carácter de insumo estratéxico, se debe traducir en ganancias de produtividade para o conxunto da economía.

Como medida de tipo horizontal, habilítase o Goberno para actualizar o réxime retributivo da Comisión Nacional de Enerxía. Esta medida permitirá adaptar os ingresos da Comisión ás súas necesidades financeiras, debidamente xustificadas.

Respecto ao sector eléctrico, co obxectivo de impulsar o cumprimento do Plan de Fomento das Enerxías Renovables en España 2000-2010, adóptanse medidas destinadas a fomentar o desenvolvemento da biomasa permitindo a combustión desta materia prima nas instalacións do réxime ordinario. Así mesmo, permítese que, con carácter excepcional, a biomasa poida superar os límites xerais que a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, prevé para a produción de enerxía eléctrica do réxime especial.

Por outra parte, para reforzar a estabilidade e consistencia deste sistema, é preciso constituír unha nova entidade pública empresarial que substitúa a actual Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A., e dispoña de recursos suficientes para dotar o Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radiactivos.

No sector de hidrocarburos adóptanse medidas adicionais para mellorar o réxime de comercialización de carburantes nas cooperativas agrícolas.

Adóptanse tamén unha serie de medidas complementarias que permitirán mellorar o funcionamento do mercado dos hidrocarburos gasosos. Neste sentido, revísase a planificación para especificar que esta ten carácter obrigatorio, non exclusivamente de mínimos; e habilítase a Comisión Nacional de Enerxía (CNE) para resolver as liquidacións de gas.

Por último, introdúcese reformas para mellorar o marco regulador da xeración eléctrica de orixe nuclear. Neste sentido, clarifícase que as instrucións ditadas polo Consello de Seguridade Nuclear teñen carácter vinculante; dáselles nova redacción a determinados artigos da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear; e habilítase un mecanismo de mercado para valorar a localización das centrais nucleares en moratoria.

No capítulo segundo refórmase a regulación do sistema de distribución do mercado de tabacos, co obxecto de posibilitar unha competencia efectiva que impulse melloras de produtividade compatibles coas necesarias medidas de prevención e control do tabaquismo e coas exixencias derivadas dos nosos compromisos internacionais nesta materia, en particular, cos asumidos no Convenio Marco da Organización Mundial da Saúde para o Control do Tabaco, ratificado por España en xaneiro de 2005. Por un lado, elimínanse restricións innecesarias que dificultan o desenvolvemento da iniciativa empresarial no mercado da distribución maiorista. Así, elimínase a obrigatoriedade de ter que contar con almacéns propios e cunha dirección exclusiva do transporte. Por outro lado, adóptanse reformas para impulsar a eficiencia e a produtividade no funcionamento da rede de distribución retalista, con respecto ás limitacións que neste punto contén a nosa lexislación sobre venda, consumo e publicidade de produtos do tabaco. Así, permítese que os estancos poidan transportar o tabaco aos seus clientes da segunda canle; suavízanse as restricións que se lles imponían á subministración á segunda canle, e, adicionalmente, permítese a transmisión das actuais expendedorías a persoas non familiares do titular. Así mesmo, redúcese, a 25 anos, o prazo das concesións que se efectúen a partir da entrada en vigor desta lei, así como daquelas que se transmitan.

No capítulo terceiro afóndase na liberalización dos servizos funerarios, dotando de habilitación para operar en todo o territorio nacional as empresas que contén autorización de calquera concello, o que facilitará a competencia entre prestadores, incentivando un aumento da súa produtividade.

No capítulo cuarto, a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros responde á necesidade de renovar en profundidade un activo de gran valor na nosa oferta, que ofrece claros signos de madurez. Esta iniciativa supón un instrumento de apoio ás administracións locais e á industria turística privada para a recuperación destes destinos, que permite a súa correcta comercialización, a prol dun mercado turístico de calidade e crecemento competitivo.

## IV

No título II introdúcese reformas para a mellora do funcionamento da Administración.

No capítulo primeiro empréndense unha serie de melloras dos trámites administrativos que afectan tanto cidadáns como empresas. Así, establécense fórmulas para facer compatibles as indubidables vantaxes de rapidez e sinxeleza que leva consigo o uso da denominación social establecida para a constitución da sociedade limitada nova empresa, coa utilización, de ser o caso, a posteriori, doutras denominacións sociais máis atractivas para a actividade comercial das empresas. Ademais, mediante a correspondente disposición adicional, exceptúanse do pagamento de aranceis notariais e rexistrados os cambios de denominación deste tipo de sociedades que se realicen no prazo de tres meses desde a súa constitución ou desde a entrada en vigor desta lei. Evítanse así custos que poderían limitar os efectos dinamizadores da regulación destas sociedades.

No capítulo segundo, no relativo á fe pública, ou ao noso sistema de seguridade xurídica preventiva, introdúcese diferentes reformas que teñen por finalidade esencial acomodalo ás exixencias dunha economía moderna, con especial incidencia na súa axilidade e utilización efectiva das técnicas informáticas, electrónicas e telemáticas.

Así, introdúcese reformas no relativo ao cómputo dos prazos de inscrición dos títulos nos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles, para dinamizar e axilizar o tráfico xurídico civil e mercantil cando da inscrición de actos e negocios xurídicos se trata. Nese sentido, exíxese, para controlar o adecuado cumprimento de tales prazos, que se lle proporcione á Administración información suficiente para a súa verificación.

Así mesmo, faise imprescindible adoptar as reformas precisas para que sexa posible a presentación telemática de documentos nos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles, pois a actual situación da tecnoloxía ampara a devandita posibilidade. Esta reforma exixida polos operadores económicos é lóxica e necesaria, atendidas as exixencias da sociedade da información e por iso se elimina calquera tipo de traba que poida existir. Débese facer especial mención á posibilidade de que se poida obter publicidade formal de modo telemático, permitindo que os cidadáns poidan solicitar de modo real e efectivo o devandito tipo de publicidade, o que lles permitirá coñecer de modo máis áxil e rápido o contido dos rexistros. Cabe engadir que, igualmente, e como medida de eficiencia administrativa, se permite que os funcionarios, os empregados públicos e a autoridade xudicial poidan acceder ao contido dos libros do rexistro sen intermediación do rexistrador, cando do exercicio da súa función pública se trata, o que resulta un adecuado corolario da presunción de interese no coñecemento dos devanditos libros do cal gozan os devanditos funcionarios, os empregados públicos e a autoridade xudicial.

Ademais, inclúense dous tipos diferentes de reformas, respecto do sistema de seguridade xurídica preventiva, ambas intimamente conectadas, e que permitirán incrementar a súa eficacia. Dun lado, mellórase o réxime de recursos fronte á cualificación dado que a experiencia habida ata o momento puxo de manifesto as disfuncións do seu réxime xurídico. Entre outros aspectos, aclárase e concrétase a imposibilidade de que o rexistrador poida recorrer contra a decisión do seu superior xerárquico cando revoga a súa cualificación; por idéntica razón, mantense e aclárase a vinculación de todos os rexistradores ás resolucións da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado cando resolve recursos fronte á cualificación. Estas medidas teñen como consecuencia inmediata a axilización do sistema dos recursos, co conseguinte impulso no ámbito da eficiencia administrativa e o correlativo na produtividade do país.

Doutro, mellórase e modifícase o réxime disciplinario rexistral e notarial, pois é necesario que, para mellorar a calidade do sistema, se dispoña dun réxime disciplinario que responda ás necesidades reais. Desde esta perspec-

tiva, a experiencia habida mostrou a ineficacia do sistema, o que debe ser corrixido, xa que os notarios e os rexistradores son funcionarios públicos que dependen xerárquicamente do Ministerio de Xustiza a través da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado (artigo 307 do Regulamento notarial, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944, e artigo 274 da Lei hipotecaria, aprobado o texto refundido polo Decreto do 8 de febreiro de 1946), sendo preciso acentuar a devandita situación para aclarar determinados tipos do seu réxime disciplinario. Débese engadir que a mellora deste réxime ten unha vinculación directa coa eficiencia administrativa.

Por último, introdúcese outras reformas para, por un lado, precisar a responsabilidade rexistral na emisión de notas simples e, por outro, aclarar o procedemento de inscrición rexistral do xuízo de suficiencia notarial.

Por outro lado, a través das correspondentes disposicións adicionais establécese un mandato para que os fedatarios públicos informen sobre a aplicación do arancel e régúlase a cesión de información de carácter tributario por medios informáticos ou telemáticos, naqueles procedementos administrativos en que sexa necesario obter información da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Estas medidas contribúen, respectivamente, a reforzar a transparencia en materia de fe pública e á redución de cargas e custos administrativos, tanto para a propia Administración como para os cidadáns e as empresas.

Finalmente, o capítulo terceiro introduce melloras nos trámites administrativos ao excluír do ámbito de aplicación da Lei xeral de subvencións a actividade subvencionadora das deputacións provinciais. Desta forma evítanse trámites innecesarios que non achegan valor engadido e xeran altos custos de transacción, partindo de que a actividade de cooperación levada a cabo polas deputacións provinciais respecto aos municipios responde a unha natureza diferente, orientada a garantir uns parámetros de igualdade de todos os cidadáns no desfrute dos servizos públicos, ao mesmo tempo que ten un carácter obrigatorio e irrenunciable.

## V

As reformas adoptadas mediante esta lei que, como se sinalou, se integran nun conxunto máis amplo, teñen por obxecto proporcionar un impulso directo ao aumento da produtividade económica. Ao mesmo tempo, estas reformas xeran confianza e proporcionan un claro sinal aos mercados e axentes económicos do decidido compromiso da política económica española co aumento da produtividade que, xunto coa estabilidade orzamentaria e o fomento da transparencia, se configura como un dos eixes a través dos cales se contribúe ao obxectivo de mellorar o benestar dos cidadáns.

## TÍTULO I

### Mercados de produtos e servizos

#### CAPÍTULO I

##### Mercados enerxéticos

###### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> MEDIDAS HORIZONTAIS

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Engádese un punto sexto ao número 2 da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outo-



bro, do sector de hidrocarburos, que queda coa seguinte redacción:

«Sexto. Os tipos de gravame a que fan referencia os puntos 1.º e), 2.º f) e 3.º e) do número 2 desta disposición revisáranos o Goberno con carácter cuatrienal, adaptándoos ás necesidades de financiamento que xustifique a Comisión Nacional de Enerxía, segundo o establecido na disposición adicional décimo primeira desta lei.

A primeira revisión realizarase para o ano 2006.»

#### SECCIÓN 2.ª SECTOR ELÉCTRICO

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, e da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Un. Modifícase o punto catro do artigo 19 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, que queda coa seguinte redacción:

«Catro. O 1 de xaneiro de 2010 desaparecerán as tarifas de subministración de enerxía eléctrica de alta tensión.»

Dous. Modifícase a disposición transitoria décimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo primeira. *Réxime retributivo especial para distribuidores.*

Ata o 1 de xaneiro de 2010, os distribuidores que viñesen operando con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1997, aos cales non lles é de aplicación o Real decreto 1538/1987, do 11 de decembro, sobre determinación da tarifa das empresas xestoras do servizo eléctrico, poderanse acoller ao réxime tarifario que para estes distribuidores aprobe o Goberno, que garantirá, en todo caso, unha retribución económica adecuada.

Malia o anterior, cando o Goberno aprobe unha modificación do réxime económico da actividade de distribución establecida no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, que considere as características destes distribuidores, deberán acoller obrigatoriamente a el cando entre en vigor e en ningún caso antes do 1 de xaneiro de 2007.

De acordo co establecido no artigo 9.3 desta lei, os distribuidores a que se refire esta disposición transitoria poderán adquirir enerxía como clientes cualificados. Tales adquisicións suporán a renuncia definitiva nesa contía ao réxime tarifario que se establece de acordo co parágrafo anterior.

Estes distribuidores deberán adquirir, en todo caso, a enerxía eléctrica como suxeitos cualificados, naquela parte do seu consumo que exceda o realizado no exercicio económico de 1997, incrementado na porcentaxe do seu crecemento vexetativo que regulamentariamente se determine.»

**Artigo terceiro.** *Fomento da co-combustión.*

Engádeselle un novo parágrafo ao punto 5 do artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, o Goberno poderá determinar o dereito á percepción dunha prima que complementa

o réxime retributivo daquelas instalacións de produción de enerxía eléctrica de orixe térmica do réxime ordinario cando, ademais de utilizar o combustible para o que foron autorizados, utilicen tamén biomasa como combustible secundario. Para iso, teranse en conta os consumos enerxéticos que se produzan e os sobrecostos que a devandita utilización produza. O acto resolutorio polo que se fixe a contía da prima contera tamén as condicións de utilización da biomasa.»

**Artigo cuarto.** *Fomento da biomasa.*

Modifícase o último parágrafo da letra b) do punto catro do artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado da seguinte forma:

«Excepcionalmente, o Goberno poderá autorizar primas superiores ás previstas no parágrafo anterior para as instalacións que utilicen como enerxía primaria, enerxía solar ou biomasa.

Para os efectos desta lei, non se entenderá como biomasa os residuos sólidos urbanos nin os perigosos.»

**Artigo quinto.** *Fomento dos biocarburantes.*

O Goberno, no prazo máximo de tres meses a partir da aprobación desta lei, elaborará un plan de medidas urxentes para cumprir co obxectivo de alcanzar o obxectivo da Directiva 2003/30/CE, relativa ao uso de biocarburantes, previsto para 2010 (un 5,75 por cento de cota de mercado).

**Artigo sexto.** *Medidas de protección ao consumidor.*

No real decreto polo que se adapta a normativa relativa ao sector eléctrico ao disposto no Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública, e de acordo co disposto no punto 6 do artigo 3 da Directiva 2003/54/CE sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, polo que se require que nas facturas eléctricas se indiquen as fontes de procedencia da enerxía, o Goberno velará por establecer unha información sistemática en cada factura, con formato informativo uniforme para todas as empresas, que inclúa elementos que faciliten a comprensión dos impactos ambientais asociados a cada fonte, que limite as porcentaxes de procedencia descoñecida e que garanta a rigorosidade na procedencia dos datos.

**Artigo sétimo.** *Carácter das tarifas de acceso.*

Modifícase o punto 3 do artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«3. As peaxes de transporte e distribución serán aprobadas polo Goberno na forma que regulamentariamente se determine.

As empresas transportistas e distribuidoras deberánlle comunicar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as peaxes que apliquen.»

**Artigo oitavo.** *Creación da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos.*

1. Engádeselle unha disposición adicional sexta bis á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta bis. *Creación da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos.*

1. A xestión dos residuos radioactivos, incluído o combustible gastado e o desmantelamento e a clausura de instalacións nucleares e radioactivas, constitúe un servizo público esencial que se reserva, de conformidade co artigo 128.2 da Constitución española, á titularidade do Estado. Este servizo será xestionado directamente pola entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, de acordo co Plan Xeral de Residuos Radioactivos aprobado polo Goberno.

2. Créase a entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, como organismo público dos previstos no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. A devandita entidade queda adscrita ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría Xeral de Enerxía.

3. A entidade pública empresarial ENRESA ten personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e rexeráse polo establecido nesta disposición adicional, no seu propio estatuto, na citada Lei 6/1997, do 14 de abril, e nas demais normas que lle sexan de aplicación.

4. A entidade pública empresarial ENRESA xestionará, administrará e disporá dos bens e dereitos que integran o seu patrimonio, correspondéndolle a tenza, administración, adquisición e alleamento dos títulos representativos do capital das sociedades en que participe ou poida participar no futuro.

Para o cumprimento do seu obxecto, a entidade pública empresarial poderá realizar toda clase de actos de administración e disposición previstos na lexislación civil e mercantil. Así mesmo, poderá realizar cantas actividades comerciais ou industriais estean relacionadas co devandito obxecto, conforme o acordado polos seus órganos de goberno. Poderá actuar, incluso, mediante sociedades por ela participadas.

5. O obxecto da entidade pública empresarial ENRESA é a prestación do servizo público de xestión dos residuos radioactivos, incluído o combustible gastado, e o desmantelamento e clausura de instalacións nucleares e radioactivas, a elaboración das propostas do Plan Xeral de Residuos Radioactivos, a execución do establecido no devandito plan e a xestión do Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radioactivos, todo isto de conformidade coa previsión do devandito plan.

Para o cumprimento do seu obxecto realizará, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Tratar e acondicionar os residuos radioactivos.
- b) Buscar localizacións, deseñar, construír e operar centros para o almacenamento temporal e definitivo dos residuos radioactivos.
- c) Establecer sistemas para a recollida, transferencia e transporte dos residuos radioactivos.
- d) Adoptar medidas de seguridade no transporte de residuos radioactivos, de acordo co previsto na regulamentación específica en materia de transporte de mercadorías perigosas e con aquilo que determinen as autoridades e os organismos competentes.
- e) Xestionar as operacións relativas ao desmantelamento e clausura de instalacións nucleares e radioactivas.

f) Actuar, en caso de emerxencias nucleares ou radiolóxicas, como apoio ao sistema nacional de protección civil e aos servizos de seguridade, na forma e circunstancias que requiran os organismos e autoridades competentes.

g) Acondicionar de forma definitiva e segura os estériles orixinados na minaría e fabricación de concentrados de uranio, na forma e circunstancias que requiran os organismos e autoridades competentes, tendo en conta, de ser o caso, os plans e previsións do explotador.

h) Establecer sistemas que garantan a xestión segura a longo prazo das súas instalacións para almacenamento de residuos radioactivos.

i) Establecer os plans de investigación e desenvolvemento necesarios para o desempeño das súas funcións.

j) Efectuar os estudos técnicos e económico-financieros necesarios que teñan en conta os custos diferidos derivados das súas funcións para establecer as necesidades económicas correspondentes.

k) Calquera outra actividade necesaria para o desempeño das anteriores funcións.

6. A entidade pública empresarial ENRESA terá a consideración de explotador das súas instalacións para a xestión dos residuos radioactivos para os efectos previstos na lexislación aplicable ás instalacións nucleares e radioactivas. Así mesmo, a entidade actuará como explotador daqueloutras actividades que desenvolva para as cales se determine tal condición.

7. Os servizos de xestión de residuos radioactivos que lles preste a entidade pública empresarial ENRESA aos explotadores de instalacións nucleares e radioactivas deberán respectar as prescricións técnicas contidas nos correspondentes contratos en vigor, baseados nos contratos-tipo aprobados no seu día polo Ministerio de Industria e Enerxía ou, os que aprobe nun futuro o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

8. A xestión financeira do Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radioactivos rexeráse polos principios de seguridade, rendibilidade e liquidez. A devandita xestión poderá ser encomendada pola entidade pública empresarial ENRESA a un terceiro, tras o informe favorable do Comité de Seguimento e Control do Fondo, logo da autorización por parte do Goberno e nas condicións que se determinen.

9. Correspóndenlle ao Comité de Seguimento e Control do Fondo a supervisión e o control dos investimentos transitorios relativos á xestión financeira deste. O devandito comité, adscrito ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da Secretaría Xeral de Enerxía, estará presidido polo secretario xeral de Enerxía, e serán membros del o interventor xeral da Administración do Estado, o director xeral do Tesouro e Política Financeira e o director xeral de Política Enerxética e Minas, actuando como secretario o subdirector xeral de Enerxía Nuclear. O Goberno, mediante real decreto, poderá modificar a composición do comité. As funcións do devandito comité son as seguintes:

- a) O desenvolvemento dos criterios sobre a composición dos activos do Fondo.
- b) Realizar o seguimento dos investimentos financeiros, comprobando a aplicación dos principios establecidos no punto 8 anterior.
- c) Formular informes con periodicidade semestral, comprensivos da situación do Fondo e dos investimentos correspondentes á súa xestión financeira, así como da cualificación que mereza ao

comité, expoñendo as observacións que considere adecuadas. O devandito informe entregaráselles aos ministros de Economía e Facenda, de Industria, Turismo e Comercio e á comisión correspondente do Congreso dos Deputados.

10. Correspóndelle ao Goberno establecer a política sobre xestión dos residuos radioactivos e desmantelamento e clausura das instalacións nucleares e radioactivas, mediante a aprobación do Plan Xeral de Residuos Radioactivos, que lle será elevado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, unha vez oídas as comunidades autónomas con competencias en materia de ordenación do territorio e de ambiente, e do cal dará conta posteriormente ás Cortes Xerais.

11. A entidade pública empresarial ENRESA remitiralle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio unha proposta de revisión do Plan Xeral de Residuos Radioactivos cada catro anos e, en todo caso, cando o requira o devandito ministerio, que comprenderá:

a) As actuacións necesarias e as solucións técnicas que se vaian desenvolver durante o horizonte temporal do plan encamiñadas á adecuada xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado e ao desmantelamento e clausura de instalacións nucleares e, de ser o caso, radioactivas.

b) As previsións económicas e financeiras para levar a cabo o establecido no punto anterior.

12. O réxime de contratación da entidade pública empresarial ENRESA rexerá polas previsións contidas ao respecto na lexislación de contratos das administracións públicas.

13. O réxime patrimonial da entidade pública empresarial ENRESA será o establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, de acordo co artigo 56 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

14. O réxime orzamentario, o económico-financeiro, o de contabilidade, o de intervención e o de control financeiro da entidade pública empresarial ENRESA será o establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

15. A contratación do persoal por parte da entidade pública empresarial ENRESA axustarase ao dereito laboral, de acordo coas previsións contidas no artigo 55 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

16. Os recursos económicos da entidade pública empresarial ENRESA poderán provir de calquera dos enumerados no punto 2 do artigo 65 da Lei 6/1997, do 14 de abril. Entre os devanditos recursos inclúense o Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radioactivos existente no momento da constitución efectiva da entidade pública empresarial ENRESA e os ingresos a que se refire o punto 1 da disposición adicional sexta desta lei dos cales forman parte as taxas reguladas no punto seguinte.

17. Para os efectos do previsto no punto anterior, o financiamento da entidade pública empresarial ENRESA integrarano, entre outros conceptos, as seguintes taxas pola prestación dos seus servizos, cuxa recadación será destinada a dotar o Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radioactivos:

Primeiro. Taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos a que se refire o punto 3 da disposición adicional sexta.

a) Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos relativos ás actividades a que se refire o punto 3 mencionado no parágrafo anterior, é dicir, a xestión de residuos radioactivos e combustible gastado xerados nas centrais nucleares e o seu desmantelamento e clausura, que sexan atribuíbles á explotación destas levada a cabo con anterioridade ao 1 de abril de 2005, así como a xestión de residuos radioactivos procedentes de actividades de investigación que estiveron directamente relacionadas coa xeración de enerxía nucleoelectrica e as operacións de desmantelamento e clausura que se deban realizar como consecuencia da minaría e da produción de concentrados de uranio con anterioridade ao 4 de xullo de 1984.

b) Base imponible:

A base imponible da taxa vén constituída pola recadación total derivada da aplicación das tarifas eléctricas e peaxes a que se refiren os artigos 17 e 18 desta lei.

c) Devengo da taxa:

A taxa devengarase o día último de cada mes natural durante o período de explotación das centrais.

d) Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos da taxa a título de contribuíntes as empresas explotadoras titulares das centrais nucleares.

Serán suxeitos pasivos a título de substitutos do contribuínte e obrigados á realización das obrigas materiais e formais da taxa as empresas que leven a cabo as actividades de transporte e distribución nos termos previstos nesta lei.

e) Tipos de gravame e cota:

No caso das tarifas eléctricas a que se refire o artigo 17 desta lei, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que se ingresará é do 0,173 por cento.

No caso das peaxes a que se refire o artigo 18, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que se ingresará é do 0,508 por cento.

f) Normas de xestión:

A taxa correspondente á recadación do penúltimo mes anterior ingresarase mediante declaración-liquidación que efectuará o suxeito pasivo substituto do contribuínte antes do día 10 de cada mes ou, de ser o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

Mediante orde ministerial aprobaranse os modelos de declaración-liquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

Poderanse realizar convenios con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas destas, así como os procedementos de liquidación e recadación.

Esta taxa integrarase para todos os efectos na estrutura de tarifas eléctricas e peaxes establecida nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Segundo. Taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos a que se refire o punto 4 da disposición adicional sexta.



## a) Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos relativos ás actividades a que se refire o punto 4 mencionado no parágrafo anterior, é dicir, a xestión de residuos radioactivos e combustible gastado xerados nas centrais nucleares e no seu desmantelamento e clausura, que sexan atribuíbles á súa explotación levada a cabo con posterioridade ao 31 de marzo de 2005.

## b) Base imponible:

A base imponible da taxa vén constituída pola enerxía nucleoelectrónica bruta xerada por cada unha das centrais en cada mes natural, medida en quilowatts hora brutos (Kwh) e redondeada ao enteiro inferior.

## c) Devengo da taxa:

A taxa devengarase o día último de cada mes natural durante o período de explotación das centrais.

En caso de cesamento anticipado da explotación por vontade do titular, a taxa devengará no momento en que, de conformidade coa lexislación aplicable, se produza o devandito cesamento.

## d) Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos da taxa as empresas explotadoras titulares das centrais nucleares. En caso de que sexan varias as titulares dunha mesma central, a responsabilidade será solidaria entre todas elas.

## e) Determinación da cota:

A cota tributaria que se ingresará durante a explotación da instalación será a resultante de multiplicar a base imponible pola tarifa fixa unitaria e o coeficiente corrector que a continuación se sinala, de tal modo que a cota que se ingresará será a resultante da aplicación da seguinte fórmula:

$$C = B.i. \times T \times C_c$$

Na cal:

C = Cota que se ingresará.

B.i. = Base imponible en Kwh.

T = Tarifa fixa unitaria: 0,188 céntimos de €/Kwh.

C<sub>c</sub> = Coeficiente corrector aplicable de acordo coa seguinte escala:

Potencia da central nuclear (Mwe)	PWR	BWR
1-300	1,15	1,28
301-600	1,06	1,17
601-900	1,02	1,12
901-1.200	0,99	1,09

PWR = Reactores de auga a presión.

BWR = Reactores de auga en ebulición.

## f) Normas de xestión:

A taxa ingresárase mediante declaración-liquidación que efectuará o suxeito pasivo no prazo dos tres meses naturais seguintes ao seu devengo.

Mediante orde ministerial aprobaranse os modelos de declaración-liquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

No caso do cesamento anticipado da explotación dunha central nuclear por vontade do titular, con respecto ás previsións establecidas no Plan Xeral de Residuos, o déficit de financiamento que, de ser o caso, existise no momento do cesamento deberallo aboar o titular á entidade pública empre-

sarial ENRESA durante os tres anos seguintes a partir da data do devandito cesamento, efectuando pagamentos anuais iguais na contía que determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio de acordo co estudo económico que realice a devandita entidade.

Poderanse realizar convenios con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas destas, así como os procedementos de liquidación e recadación.

Terceiro. Taxa pola prestación de servizos de xestión dos residuos radioactivos derivados da fabricación de elementos combustibles, incluído o desmantelamento das instalacións de fabricación destes.

## a) Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de xestión dos residuos radioactivos derivados da fabricación de elementos combustibles, incluído o desmantelamento das instalacións de fabricación destes.

## b) Base imponible:

A base imponible da taxa vén constituída pola cantidade de combustible nuclear fabricado en cada ano natural, medida en toneladas métricas (t) e expresada con dous decimais, redondeando os restantes ao segundo decimal inferior.

## c) Devengo da taxa:

A taxa devengará o día último de cada ano natural en que existise fabricación de elementos combustibles.

## d) Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos da taxa os titulares das instalacións de fabricación de elementos combustibles.

## e) Tipos de gravame e cota:

A cota tributaria que se ingresará será a resultante de multiplicar a base imponible polo tipo de gravame de 1.539,21 €/t.

## f) Normas de xestión:

A taxa ingresárase mediante declaración-liquidación que efectuará o suxeito pasivo no prazo dos tres meses naturais seguintes ao seu devengo.

Mediante orde ministerial aprobaranse os modelos de declaración-liquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

No caso do cesamento anticipado da explotación dunha instalación de fabricación de elementos combustibles por vontade do titular, con respecto ás previsións establecidas no Plan Xeral de Residuos, o déficit de financiamento que, de ser o caso, existise no momento do cesamento deberá ser aboado polo titular á entidade pública empresarial ENRESA durante os tres anos seguintes a partir da data do devandito cesamento, efectuando pagamentos anuais iguais na contía que determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio conforme o estudo económico que realice a devandita entidade.

Cuarto. Taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos xerados noutras instalacións.

## a) Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de xestión dos residuos radioactivos

xerados en calquera outra instalación non comprendida no feito impositivo das taxas previstas nos puntos anteriores.

b) Base impositiva:

A base impositiva da taxa vén constituída pola cantidade ou unidade de residuos entregados para a súa xestión, medida na unidade correspondente aplicable entre as comprendidas na letra e) seguinte de acordo coa natureza do residuo e expresada con dous decimais, redondeando os restantes ao segundo decimal inferior.

c) Devengo da taxa:

A taxa devengará no momento da retirada pola entidade pública empresarial ENRESA dos residuos das instalacións.

d) Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos da taxa os titulares das instalacións.

e) Tipos de gravame e cota:

A cota tributaria que se ingresará será a resultante de multiplicar a base impositiva polos tipos de gravame seguintes para cada tipo de residuos.

Tipo residuo	Descrición	Tipo gravame (€/unid.)
	<i>Sólidos</i>	
S01	Residuos sólidos compactables (bolsas de 25 litros) .....	93,80
S02	Residuos non compactables (bolsas de 25 litros) .....	93,80
S03	Cadáveres de animais. Residuos biolóxicos (bolsas de 25 litros) .....	242,47
S04	Agullas hipodérmicas en contedores rixidos (bolsas de 25 litros) .....	93,80
	<i>Sólidos especiais:</i>	
S05	S051: Residuos con Ir-192 como compoñente activo (bolsas de 25 litros) .....	93,80
	S052: Sales de uranio ou torio (bolsas de 25 litros) .....	175,35
	<i>Mixtos</i>	
M01	Residuos mixtos compostos por líquidos orgánicos máis viais (contedores de 25 litros) ....	201,93
M02	Placas e similares con líquidos ou xeles (bolsas de 25 litros) .....	93,80
	<i>Líquidos</i>	
L01	Residuos líquidos orgánicos (contedores de 25 litros) .....	205,54
L02	Residuos líquidos acuosos (contedores de 25 litros) .....	174,81
	<i>Fontes</i>	
F01	Fontes encapsuladas cuxa actividade non supere os límites establecidos polo ADR para vultos do tipo A e o conxunto da fonte co seu contedor de orixe ou co equipamento en que vai instalada non supere os 20 litros:	
	F011: as fontes F01 con elementos de semiperíodo inferior ou igual ao do Co-60 .....	277,66
	F012: as fontes F01 con elementos de semiperíodo comprendido entre o do Co-60 e o do Cs-137, incluído este .....	277,66
	F013: as fontes F01 con elementos de semiperíodo superior ao do Cs-137 .....	277,66
	Fontes encapsuladas cuxa actividade non supere os límites establecidos polo ADR para vultos do tipo A e o conxunto da fonte co seu contedor de orixe ou co equipamento en que vai instalada sexa superior a 20 l e inferior ou igual a 80 l:	
F02	F021: as fontes F02 con elementos de semiperíodo inferior ou igual ao do Co-60 .....	515,66
	F022: as fontes F02 con elementos de semiperíodo comprendido entre o do Co-60 e o do Cs-137, incluído este .....	515,66
	F023: as fontes F02 con elementos de semiperíodo superior ao do Cs-137 .....	515,66

f) Normas de xestión:

A xestión e liquidación da taxa corresponderalle á entidade pública empresarial ENRESA. Mediante orde ministerial aprobaranse os modelos de liquidación e os prazos e medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

Sobre as contías que resulten exixibles polas referidas taxas aplicarase o imposto sobre o valor engadido que grava a prestación dos servizos obxecto de gravame nos termos establecidos na lexislación vixente.

Os tipos de gravame e elementos tributarios para a determinación da cota das anteriores taxas poderá revisalos anualmente o Goberno mediante real decreto con base nunha memoria económico-financieira actualizada do custo das actividades correspondentes previstas no Plan Xeral de Residuos Radioactivos.

18. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio exercerá as facultades de expropiación que sexan precisas para o cumprimento dos fins da enti-

dade pública empresarial ENRESA, a cal terá, para tales efectos, a condición de beneficiaria. As instalacións necesarias para o cumprimento dos fins que lle son propios decláranse de utilidade pública para efectos de expropiación forzosa.

19. O réxime fiscal e redución de aranceis na constitución da entidade pública empresarial ENRESA é o seguinte:

Primeiro: o réxime establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, aplicarase á operación pola cal se transmiten á entidade pública empresarial ENRESA todos os bens, dereitos e obrigas da Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A., e a aquela transmitiránselle os dereitos e obrigas tributarias desta última.

Segundo: estarán exentas de aranceis ou honorarios pola intervención de fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís.



20. A entidade pública empresarial ENRESA sucederá a Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A., nos dereitos e obrigas existentes desta sociedade. Mediante acordo de Consello de Ministros autorizarase a disolución e liquidación da devandita empresa e a integración do seu patrimonio á entidade pública empresarial ENRESA, logo da liquidación dos dereitos dos accionistas. En particular, integraranse na entidade pública empresarial ENRESA todos os traballadores da Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A., entendéndose que existe sucesión de empresas entre as dúas entidades para os efectos do previsto no artigo 44 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Así mesmo, incorporaranse ao patrimonio da entidade pública empresarial ENRESA todos os bens mobles e inmobles da Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A.

21. Ata a constitución efectiva da entidade pública empresarial ENRESA que terá lugar mediante a entrada en vigor do seu estatuto, que será aprobado por real decreto, a Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A., continuará realizando as actividades previstas no Real decreto 1349/2003, do 31 de outubro, sobre ordenación das actividades da Empresa Nacional de Residuos Radiactivos, S. A. (ENRESA), e o seu financiamento.

22. Autorízase o Goberno para ditar as normas e adoptar as medidas que sexan necesarias para a aplicación do previsto nesta disposición.»

2. Modifícase o punto 1 da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico (Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radioactivos), que queda redactado da seguinte maneira:

«1. As cantidades recadadas polas taxas reguladas na disposición adicional sexta bis, así como calquera outra forma de financiamento dos custos dos traballos correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado, e ao desmantelamento e clausura de instalacións, incluídos os rendementos financeiros xerados por elas, destinarase a dotar unha provisión, tendo a devandita dotación a consideración de partida deducible no imposto sobre sociedades.

As cantidades recollidas na provisión antes mencionada só poderán ser investidas en gastos, traballos, proxectos e inmovilizacións derivados de actuacións previstas no Plan Xeral de Residuos Radioactivos aprobado polo Goberno.»

3. Queda derogado o punto 5 da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, relativo á facturación aos titulares das centrais nucleares.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> HIDROCARBUROS LÍQUIDOS

**Artigo noveno.** *Habilitación ás cooperativas agrarias para comercializar produtos petrolíferos.*

Un. Modifícase a disposición adicional décimo quinta da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo quinta. Sociedades cooperativas.

As sociedades cooperativas só poderán realizar as actividades de distribución a retallo de produtos petrolíferos a que se refire o artigo 43 desta lei con terceiros non socios, mediante a constitución dunha

entidade con personalidade xurídica propia, á cal lle sexa aplicable o réxime fiscal xeral. Non será necesario o cumprimento deste requisito para as cooperativas agrarias.

Para dar inicio ás actividades de distribución a retallo de produtos petrolíferos a que se refire o parágrafo anterior, as cooperativas, incluídas as agrarias, deberán contar con instalacións que cumpran cantas instrucións técnicas, de seguridade, de metroloxía ou metrotecnica, ambientais, normas urbanísticas, de protección dos consumidores e usuarios, ou calquera outras que sexan exixibles ás instalacións de subministracións a vehículos e ás de subministración a instalacións fixas para consumo propio, conforme o artigo 43 desta lei.»

Dous. Modifícase o punto 4 do artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, que quedará redactado nos seguintes termos:

«4. As cooperativas agrarias poderán desenvolver operacións con terceiros non socios ata un límite máximo do 50 por cento do total das realizadas cos socios para cada tipo de actividade desenvolvida por aquelas. A devandita limitación non será aplicable ás cooperativas agrarias respecto das operacións de distribución a retallo de produtos petrolíferos a terceiros non socios.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo da letra a) do punto 2 do artigo 9 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Non obstante, as cooperativas agrarias poderán distribuír a retallo produtos petrolíferos a terceiros non socios sen que iso determine a perda da condición de especialmente protexida.»

Catro. Modifícase o punto 10 do artigo 13 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, que quedará redactado nos seguintes termos:

«10. A realización de operacións cooperativizadas con terceiros non socios, fóra dos casos permitidos nas leis, así como o incumprimento das normas sobre contabilización separada de tales operacións e destino ao Fondo de Reserva Obrigatorio dos resultados obtidos na súa realización.

Ningunha cooperativa, calquera que sexa a súa clase, poderá realizar un volume de operacións con terceiros non socios superior ao 50 por cento do total das da cooperativa, sen perder a condición de cooperativa fiscalmente protexida. A devandita limitación non será aplicable ás cooperativas agrarias respecto das operacións de distribución a retallo de produtos petrolíferos a terceiros non socios.

Para os efectos da aplicación do límite establecido no parágrafo anterior, asimílanse ás operacións con socios os ingresos obtidos polas seccións de crédito das cooperativas procedentes de cooperativas de crédito, investimentos en fondos públicos e en valores emitidos por empresas públicas.»

### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> HIDROCARBUROS GASOSOS

**Artigo décimo.** *Limitación do exceso de capacidade obrigatoria.*

Modifícase o punto 1 do artigo 4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactado como segue:

«1. A planificación en materia de hidrocarburos terá carácter indicativo, salvo naquilo que se refire

ás instalacións integrantes da rede básica de gas natural, á determinación da capacidade de regasificación total de gas natural licuado necesaria para abastecer o sistema gasista, ás instalacións de almacenamento de reservas estratéxicas de hidrocarburos e á determinación de criterios xerais para o establecemento de instalacións de subministración de produtos petrolíferos a retallo tendo nestes casos carácter obrigatorio para a garantía de subministración de hidrocarburos.»

**Artigo décimo primeiro.** *Modificación dos artigos 82 e 83 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

1. Engádesse unha nova letra ao artigo 82, coa seguinte redacción:

«d) Realizar a medición das subministracións dos seus clientes.»

2. Modifícase a letra h) do punto 1 do artigo 83, que queda redactada como segue:

«h) Manter un sistema operativo que asegure a atención permanente e a resolución das incidencias que, con carácter de urxencia, se poidan presentar nas redes de distribución e nas instalacións receptoras dos consumidores conectado ás súas instalacións.»

3. Suprímense as letras a), f), g) e h) do punto 2 do artigo 83.

**Artigo décimo segundo.** *Modificación dos artigos 93 e 94 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

1. Modifícase o artigo 93 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactado como segue:

«Mediante orde ministerial, logo do acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dítanse as disposicións necesarias para o establecemento das tarifas de venda do gas natural, gases manufacturados e gases licuados do petróleo por canalización para os consumidores finais, así como os prezos de cesión de gas natural e de gases licuados do petróleo para os distribuidores de gases combustibles por canalización, establecendo os valores concretos das devanditas tarifas e prezos ou un sistema de determinación e actualización automática destas. As tarifas de venda aos usuarios serán únicas para todo o territorio nacional, sen prexuízo das súas especialidades.»

2. Modifícase o punto 1 do artigo 94 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactado como segue:

«1. Mediante orde ministerial, logo do acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, dítanse as disposicións necesarias para o establecemento das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso por terceiros, establecendo os valores concretos das devanditas peaxes ou un sistema de determinación e actualización automática destas.»

3. Suprímese o punto 4 do artigo 94 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

4. O punto 5 do artigo 94 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, pasa a ser numerado como punto 4.

**Artigo décimo terceiro.** *Habilitación da Comisión Nacional de Enerxía para resolver as liquidacións de gas.*

Modifícase o número 3 do punto terceiro da disposición adicional décimo primeira, da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactado da seguinte forma:

«3. En relación co sector gasista, corresponde-ranlle á comisión, ademais das funcións a que se refire o punto 1 anterior, as seguintes:

Realizar as liquidacións correspondentes aos ingresos obtidos por tarifas e peaxes relativas ao uso das instalacións da rede básica, transporte secundario e distribución a que fai referencia o artigo 96 e comunicárllela aos interesados e á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Resolver os conflitos que lle sexan formulados en relación coa xestión técnica do sistema de gas natural.»

SECCIÓN 5.<sup>a</sup> ENERXÍA NUCLEAR

**Artigo décimo cuarto.** *Alleamento dos terreos das centrais nucleares en moratoria.*

Modifícase o último parágrafo do punto 3 da disposición adicional sétima da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, nos termos seguintes:

«Igualmente, o valor do alleamento dos terreos ou localizacións das instalacións será tido en conta polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para calcular o importe pendente de compensación. Para estes efectos o devandito ministerio poderá acordar a celebración dun concurso ou poxa, mediante o que se procederá ao seu alleamento a quen realice a mellor oferta, de acordo coas bases da convocatoria, que deberá aprobar este.

No caso de que os titulares estean interesados no inicio da explotación dos terreos ou lugares das instalacións, terán dereito a igualar esta mellor oferta, en cuxo caso o concurso ou poxa quedará sen efecto, e procederase ao desinvestimento mediante o inicio da súa explotación.»

**Artigo décimo quinto.** *Procedementos de autorización para as distintas fases de vida das instalacións nucleares e radioactivas.*

Dáselles nova redacción aos artigos 28, 29 e 30 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear:

«Artigo 28.

As instalacións nucleares e radioactivas estarán sometidas a un réxime de autorizacións emitidas polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo do informe preceptivo do Consello de Seguridade Nuclear, unha vez oídas as comunidades autónomas con competencias en materia de ordenación do territorio e ambiente, que serán reguladas en regulamentos específicos. Os devanditos regulamentos incluírán as autorizacións aplicables a cada unha das fases da vida das devanditas instalacións, entre elas, a selección de localización, a construción, a posta en marcha e o funcionamento, e o seu desmantelamento e clausura, segundo corresponda.

Artigo 29.

O Consello de Seguridade Nuclear exercerá a vixilancia das instalacións nucleares e radioactivas en cada unha das fases da súa vida, con obxecto de

comprobar que se desenvolven de acordo coas autorizacións mencionadas no artigo anterior.

#### Artigo 30.

A transferencia de autorizacións das instalacións nucleares ou radioactivas requirirá a autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo da audiencia ás comunidades autónomas con competencias en materia de ordenación do territorio e ambiente, sendo preceptivo o informe do Consello de Seguridade Nuclear.»

#### **Artigo décimo sexto.** *Modificación da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.*

Modifícase o capítulo XIII da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, co obxecto de regular as obrigas en materia de non-proliferação nuclear e protección física, que queda redactado como segue:

### «CAPÍTULO XIII

#### **Da non-proliferação nuclear e protección física dos materiais nucleares**

##### **Artigo 84.** *Obrigas en materia nuclear e protección física dos materiais nucleares.*

Toda persoa física ou xurídica queda suxeita ao cumprimento das obrigas derivadas dos compromisos contraídos polo Estado español ou do propio ordenamento interno en materia de non-proliferação nuclear e protección física dos materiais nucleares e, en particular, a realizar as actividades de seguimento, control e custodia dos materiais nucleares, a permitir as inspeccións e comprobacións que fosen precisas en lugares ou instalacións e a informar as autoridades competentes.»

#### **Artigo décimo sétimo.** *Carácter vinculante das instrucións do Consello de Seguridade Nuclear.*

Incorpórase un novo terceiro parágrafo á redacción do artigo 2.a) da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, coa seguinte redacción:

«Sobre as devanditas materias e con respecto aos suxeitos que interveñan nelas, as instrucións que dite o Consello de Seguridade Nuclear serán vinculantes unha vez notificadas ou, de ser o caso, publicadas no Boletín Oficial del Estado.»

### CAPÍTULO II

#### **Mercado de distribución de elaborados de tabacos**

#### **Artigo décimo oitavo.** *Liberalización da distribución maiorista dos elaborados do tabaco.*

Modifícanse os puntos tres e catro do artigo 3 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, que quedan redactados da seguinte forma:

«Tres. A licenza para a distribución maiorista, no ámbito territorial a que se refire o artigo 1, punto un, outorgarase logo de o peticionario acreditar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos a súa capacidade de prestación do servizo, entendéndose por tal o cumprimento dos seguintes requisitos co alcance que se establecerá regulamentariamente:

a) Capacidade técnica, empresarial, contable e financeira proporcionada ao volume de negocio previsto.

b) Disponibilidade de almacéns, propios ou contratados, que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos, así como a fácil comprobación por parte da Administración dos elaborados almacenados, a súa orixe e os seus movementos.

c) Posibilidade de utilización de medios de transporte, sexan propios ou alleos, que permitan a distribución dos elaborados ata as expendedorías.»

«Catro. Os maioristas só poderán subministrar tabaco elaborado aos expendedores de tabaco e timbre e non poderán remunerar estes máis que coa retribución establecida por esta lei. Os prazos de pagamento e calquera outra condición de crédito e distribución ao expendedor establecerase libremente o maiorista, coa autorización previa do comisionado, nos termos que regulamentariamente se sinalen, e serán homoxéneas para todo o territorio a que se refire o artigo 1, punto un, de modo que se garanta a neutralidade da subministración.»

#### **Artigo décimo noveno.** *Modificación do comercio a retalho dos elaborados do tabaco.*

Modifícanse os puntos catro, cinco e seis do artigo 4 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, da seguinte forma:

«Catro. A concesión de expendedorías adxudicáras logo da convocatoria de concurso sobre bases non discriminatorias, obxectivas e transparentes, baseadas principalmente en criterios comerciais, de salubridade, de rendibilidade, de servizo público, de distancias entre expendedorías e de poboación, o Ministerio de Economía e Facenda, ao cal lle corresponderá igualmente, de ser o caso, a súa revogación, logo do informe en ambos os supostos do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

A concesión terá unha duración de vinte e cinco anos. Vencido o prazo, convocarase concurso para nova concesión de expendedoría na devandita área. No novo concurso valoraranse de forma significativa os méritos do anterior concesionario e a calidade do servizo prestado, segundo desenvolvemento regulamentario. Ata a nova adxudicación, o anterior concesionario poderá seguir prestando o servizo logo da autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Dentro do prazo de concesión, as expendedorías poden ser transmitidas a calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionario, logo da autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Non poderán solicitar a transmisión nin participar en concursos aqueles titulares de expendedorías que fosen sancionados por unha infracción moi grave nos últimos cinco anos, ou dúas graves nos últimos tres anos, sempre que sexan firmes.»

«Cinco. Malia o previsto no punto catro anterior, correspóndelle ao Comisionado para o Mercado de Tabacos outorgar autorizacións de puntos de venda con recarga de elaborados de tabaco a persoas ou entidades nas condicións que regulamentariamente se fixen, que deberán respectar os principios de publicidade e concorrència e as limitacións e prohibicións que establece a lexislación en materia de venda, subministración, consumo e publicidade dos produtos do tabaco.

Os titulares de autorización para a venda con recarga deberanse fornecer necesariamente aos



prezos de tarifa, na expendedoría do termo municipal ou, de ser o caso, entidade local menor de que se trate, de entre as tres expendedorías máis próximas ao lugar cuxo servizo se pretende atender; tratándose de cigarros, a elección poderase facer entre as tres expendedorías máis próximas que dispoñan das instalacións adecuadas para a súa conservación, con diversidade de bitolas, e que garantan unha subministración inmediata. A expendedoría asignada, seleccionada polo titular da devandita autorización, seralle comunicada ao Comisionado para o Mercado de Tabacos e figurará na autorización outorgada.»

«Seis. A concesión instrumentarase conforme un prego concesional que establecerá as condicións do contrato, incluído o canon ou prestación patrimonial de carácter público que satisfará o concesionario. O importe do canon, baseado en criterios de poboación e de volume de negocios, determinarase nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado. As bases do concurso, as cláusulas-tipo dos pregos concesionais, as condicións e requisitos para ser concesionario, os requisitos para a transmisión da concesión, as causas de revogación desta, as obrigas do expendedor e, en xeral, todo o relativo ao estatuto concesional serán obxecto de desenvolvemento por vía regulamentaria.»

**Artigo vixésimo.** *Modificación das infraccións e sancións.*

Modifícanse as letras a) dos números 1 e 2 do punto tres do artigo 7 da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, que quedan redactadas da seguinte maneira:

«Tres. 1. Constitúen infraccións moi graves:

a) O abandono por parte dos expendedores da súa actividade, a cesión da expendedoría de forma ilegal, a aceptación de retribucións non autorizadas legalmente, a venda a prezos distintos dos fixados legalmente, o traslado do lugar de venda sen a debida autorización e a comisión de dúas ou máis infraccións graves pola subministración ou transporte por parte do expendedor a un punto de venda con recarga non asignado.»

«2. Constitúen infraccións graves:

a) O incumprimento por parte dos expendedores das obrigas que no seu estatuto concesional fagan referencia aos días e ao horario de apertura do establecemento, á obrigatoriedade de xestión persoal directa e de residencia no lugar, á tenza do nivel mínimo de existencias reclamado polo servizo público, a inobservancia das condicións de subministración a particulares e de subministración aos puntos de venda con recarga asignados, así como o transporte a un punto de venda con recarga non asignado.»

**Artigo vixésimo primeiro.** *Redución do prazo das concesións transmitidas a 25 anos.*

Engádesse unha disposición transitoria quinta na Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, que adopta a seguinte redacción:

«Disposición transitoria quinta. Transmisión das concesións administrativas existentes.

As concesións administrativas existentes no momento da entrada en vigor desta lei pódense transmitir a calquera persoa física que reúna os requisitos exixidos para ser concesionario, logo da autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

As concesións administrativas existentes cuxo titular sexa unha persoa xurídico-privada terán unha vixencia de vinte e cinco anos desde a entrada en vigor desta lei.

As concesións transmitidas desde a entrada en vigor desta lei terán unha vixencia temporal de vinte e cinco anos, contados desde a data da primeira transmisión que se produza desde a entrada en vigor desta lei. Dentro deste prazo, as expendedorías poden ser obxecto doutras transmisións cos requisitos sinalados no primeiro parágrafo desta disposición.

Vencido o prazo de vinte e cinco anos convocarase concurso para nova concesión de expendedoría na devandita área. No novo concurso valoraranse de forma significativa os méritos do anterior concesionario e a calidade do servizo prestado, segundo desenvolvemento regulamentario. Ata a nova adjudicación, o anterior concesionario poderá seguir prestando o servizo logo da autorización do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Non poderán solicitar a transmisión nin participar en concursos aqueles titulares de expendedorías que fosen sancionados por unha infracción moi grave nos últimos cinco anos, ou dúas graves nos últimos tres anos, sempre que sexan firmes.»

**Artigo vixésimo segundo.** *Destrución dos elaborados de tabaco apreñados ou comisados por contrabando.*

Modifícase a disposición adicional novena da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, que queda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional novena.

A autoridade xudicial ou administrativa a cuxa disposición se encontran os elaborados de tabaco apreñados ou comisados, en procedemento de delito ou infracción administrativa de contrabando, ordenará que sexan postos á disposición do Comisionado para o Mercado de Tabacos co fin de que se proceda á súa destrución. En todo caso, a autoridade correspondente expedirá a oportuna dilixencia facendo constar nas actuacións a natureza e características dos elaborados de tabaco postos á disposición do Comisionado.

Malia o anterior, transcorrido un ano desde a apreñación ou comiso, o Comisionado para o Mercado de Tabacos procederá, logo da comunicación á autoridade xudicial e administrativa correspondente, á destrución dos elaborados de tabaco apreñados ou comisados. A destrución poderase realizar nun prazo inferior cando os devanditos elaborados non sexan aptos para o consumo humano. En todo caso, se no prazo de 15 días desde a comunicación á autoridade administrativa ou xudicial competente esta non se pronunciasse sobre a necesidade de conservación íntegra dos elaborados, o Comisionado para o Mercado de Tabacos conservará mostras suficientes para os efectos procesuais ou administrativos oportunos.»

## CAPÍTULO III

## Servizos funerarios

**Artigo vixésimo terceiro.** *Habilitación en todo o territorio nacional para a prestación de servizos funerarios.*

Modifícase o artigo 22 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 22. *Liberalización dos servizos funerarios.*

Liberalízase a prestación dos servizos funerarios.

Sen prexuízo do anterior, os concellos poderán someter a autorización a prestación dos devanditos servizos. A autorización terá carácter regrado, debéndose precisar normativamente, de acordo cos criterios mínimos que, de ser o caso, fixen o Estado e as comunidades autónomas en desenvolvemento das súas competencias, os requisitos obxectivos necesarios para obtela e concederáselle a todo solicitante que reúna os requisitos exixidos e acredite dispoñer dos medios materiais necesarios para efectuar o transporte de cadáveres. As normas que regulen os requisitos das autorizacións para a prestación destes servizos non poderán establecer exixencias que desvirtúen a liberalización do sector.

Os prestadores de servizos funerarios que obtengan de calquera concello a autorización a que fai referencia o parágrafo anterior, conforme os criterios nel expresados, poderán realizar en todo o territorio español a actividade asociada ás súas funcións principais consistente no traslado de cadáveres, cumprindo en cada caso os requisitos establecidos nas normas de policía sanitaria mortuoria aplicables.»

## CAPÍTULO IV

## Turismo

**Artigo vixésimo cuarto.** *Iniciativa de apoio aos destinos turísticos maduros.*

Modifícase o parágrafo primeiro da disposición adicional cuaxadaxésimo novena da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2005, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. O Estado apoiará financeiramente os plans de renovación e modernización integral de destinos turísticos maduros, deseñados e executados mediante a iniciativa conxunta entre as diversas administracións e o sector privado.

O apoio financeiro do Estado será canalizado a destinos turísticos maduros situados preferentemente en municipios costeiros.»

## TÍTULO II

## Mellora no funcionamento da Administración

## CAPÍTULO I

## Mellora dos trámites para os cidadáns e as empresas

**Artigo vixésimo quinto.** *Modificación da lexislación da sociedade limitada nova empresa para facilitar o cambio de denominación social e facilitar os trámites de creación.*

Un. Modifícase o punto primeiro do artigo 131 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsa-

bilidade limitada, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Na constitución da sociedade, a súa denominación social estará formada polos dous apelidos e o nome dun dos socios fundadores seguidos dun código alfanumérico que permita a identificación da sociedade de maneira única e inequívoca.»

Dous. Modifícase o artigo 140 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Na sociedade nova empresa só se poderán levar a cabo modificacións na súa denominación, o seu domicilio social, e o seu capital social, este último, dentro dos límites máximo e mínimo establecidos no artigo 135.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no suposto previsto no artigo 144.

2. Se os socios acordasen aumentar o capital social por encima do límite máximo establecido no artigo 135, no devandito acordo deberán así mesmo establecer se optan pola transformación da sociedade nova empresa en calquera outro tipo social ou se continúan as súas operacións en forma de sociedade de responsabilidade limitada, conforme o establecido no artigo 144.

3. En caso de que o socio cuxo nome e apelidos figuren na denominación social perda a devandita condición, a sociedade estará obrigada a modificar de inmediato a súa denominación social.

4. O notario que vaia autorizar a escritura de cambio de denominación da sociedade comprobará, de conformidade coa lexislación rexistral, que non existe ningunha denominación social anterior idéntica a aquela que se pretenda adoptar. Para iso, o notario incorporará á escritura de cambio de denominación social a certificación telemática de denominación social expedida polo rexistro Mercantil Central con sinatura electrónica recoñecida do seu titular. A devandita incorporación efectuarase nos termos previstos no artigo 113.1 da Lei 24/2001, do 27 de decembro.»

## CAPÍTULO II

## Fe pública

## SECCIÓN 1.ª AXILIZACIÓN DE TRÁMITES REXISTRAIS E NOTARIAIS

**Artigo vixésimo sexto.** *Axilización de prazos de inscrición.*

Un. Modifícanse os parágrafos segundo, terceiro e cuarto e engádense catro novos parágrafos ao artigo 18 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasan a ter a seguinte redacción:

«O prazo máximo para inscribir o documento será de quince días contados desde a data do asento de presentación. O rexistrador na nota a pé de título, se a cualificación é positiva, ou na cualificación negativa deberá expresar inescusablemente a data da inscrición e, de ser o caso, da cualificación negativa para os efectos do cómputo do prazo de quince días. Se o título fose retirado antes da inscrición, tivese defectos emendables ou existise pendente de inscrición un título presentado con anterioridade, o prazo de quince días computarase desde a data da devolución do título, a emenda ou a inscrición do título previo, respectivamente. Nestes casos, a vixencia do asento de presentación entenderase

prorrogada ata a terminación do prazo de inscrición. Por razóns extraordinarias, debidamente acreditadas, a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderá, por solicitude do rexistrador competente formulada dentro dos dous primeiros días de prazo de inscrición, ampliar ata quince días máis como máximo o devandito prazo. Se a dirección xeral non contesta no prazo de dous días contados desde que tivese entrada a solicitude, entenderase que esta foi desestimada. O rexistrador non poderá recorrer contra a decisión expresa ou presunta que adopte a dirección xeral.

Se, transcorrido o prazo máximo sinalado no parágrafo anterior, non tivese lugar a inscrición, o interesado poderá instar do rexistrador ante quen se presentou o título que a leve a cabo no termo improrrogable de tres días ou a aplicación do cadro de substitucións previsto no artigo 275 bis desta lei. Igualmente, se transcorrido o prazo de tres días o rexistrador non inscribe o título, o interesado poderá instar a aplicación do cadro de substitucións.

A inscrición realizada fóra de prazo polo rexistrador titular producirá unha redución de aranceis dun trinta por cento, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente. Para os efectos do adecuado cumprimento do prazo de inscrición, os rexistradores deberánlle remitir á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, nos primeiros vinte días dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, unha estatística en formato electrónico que conteña o número de títulos presentados e a data da súa inscrición, así como a porcentaxe de títulos inscritos fóra do prazo previsto neste artigo. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado concretará mediante instrución o formato electrónico e os datos que deban remitir os rexistradores.

Se un rexistro da propiedade estivese a cargo de dous ou máis rexistradores, procurarase, no posible, a uniformidade dos criterios de cualificación. Para tal efecto, levarán o despacho dos documentos conforme o convenio de distribución de materias ou sectores que acorden. O convenio e as súas modificacións posteriores deberán ser sometidos á aprobación da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Sempre que o rexistrador a quen corresponda a cualificación dun documento apreciase defectos que impidan practicar a operación solicitada, poraos en coñecemento do cotitular ou cotitulares do mesmo sector ou do sector único. Antes do transcurso do prazo máximo establecido para a inscrición do documento pasaralles a documentación, e o que entendese que a operación é procedente practicaraa baixo a súa responsabilidade antes de expirar o devandito prazo.

Na cualificación negativa o rexistrador a quen corresponda deberá expresar que esta se expediu coa conformidade dos cotitulares. Se falta a devandita indicación, a cualificación entenderase incompleta, sen prexuízo de que os lexitimados para iso xa poidan recorrer contra ela, instar a intervención do substituto, ou pedir expresamente que se complete. Non se terá en conta unha cualificación incompleta para interromper o prazo en que se debe facer a cualificación. Os cotitulares serán tamén responsables para todos os efectos da cualificación á cal prestan a súa conformidade.

O rexistrador que cualificase un documento coñecerá de todas as incidencias que se produzan ata a terminación do procedemento rexistral.»

Dous. Modifícanse os puntos cuarto, quinto, sexto e sétimo e engádesse un novo punto oitavo ao artigo 18 do

Código de comercio aprobado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885, que pasan a ter a seguinte redacción:

«4. O prazo máximo para inscribir o documento será de quince días contados desde a data do asento de presentación. O rexistrador na nota a pé de título, se a cualificación é positiva, ou na cualificación negativa deberá expresar inescusablemente a data da inscrición e, de ser o caso, da cualificación negativa para os efectos do cómputo do prazo de quince días. Se o título fose retirado antes da inscrición, tivese defectos emendables ou existise pendente de inscrición un título presentado con anterioridade, o prazo de quince días computarase desde a data da devolución do título, a emenda ou a inscrición do título previo, respectivamente. Nestes casos, a vixencia do asento de presentación entenderase prorrogada ata a terminación do prazo de inscrición.

5. Se, transcorrido o prazo máximo sinalado no punto anterior, non tivese lugar a inscrición, o interesado poderá instar do rexistrador ante quen se presentou o título que a leve a cabo no termo improrrogable de tres días ou a aplicación do cadro de substitucións previsto no artigo 275 bis do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946. Igualmente, se transcorrido o prazo de tres días o rexistrador non inscribe o título, o interesado poderá instar a aplicación do cadro de substitucións.

6. A inscrición realizada fóra de prazo polo rexistrador titular producirá unha redución de aranceis dun trinta por cento, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente. Para os efectos do adecuado cumprimento do prazo de inscrición, os rexistradores deberán remitir á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, nos primeiros vinte días dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, unha estatística en formato electrónico que conteña o número de títulos presentados e a súa data de inscrición, así como a porcentaxe de títulos inscritos fóra do prazo previsto neste artigo. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado concretará mediante instrución o formato electrónico e os datos que deban remitir os rexistradores.

7. Se o rexistrador cualifica negativamente o título, sexa total ou parcialmente, dentro ou fóra do prazo a que se refire o punto cuarto deste artigo, o interesado poderá recorrer ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ou ben instar a cualificación do cadro de substitucións previsto no artigo 275 bis do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946.

8. Se un rexistro mercantil estivese a cargo de dous ou máis rexistradores, procurarase, no posible, a uniformidade dos criterios de cualificación. Para tal efecto, levarán o despacho dos documentos conforme o convenio de distribución de materias ou sectores que acorden. O convenio e as súas modificacións posteriores deberán ser sometidos á aprobación da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado.

Sempre que o rexistrador a quen corresponda a cualificación dun documento apreciase defectos que impidan practicar a operación solicitada, poraos en coñecemento do cotitular ou cotitulares do mesmo sector ou do sector único. Antes do transcurso do prazo máximo establecido para a inscrición do documento pasaralles a documentación, e o que entendese que a operación é procedente practicaraa baixo a súa responsabilidade antes de expirar o devandito prazo.



Na cualificación negativa, o rexistrador a quen corresponda deberá expresar que esta se expediu coa conformidade dos cotitulares. Se falta a devandita indicación, a cualificación entenderase incompleta, sen prexuízo de que os lexitimados para iso poidan recorrer contra ela, instar a intervención do substituto, ou pedir expresamente que se complete. Non se terá en conta unha cualificación incompleta para interromper o prazo en que se debe facer a cualificación. Os cotitulares serán tamén responsables para todos os efectos da cualificación á cal prestan a súa conformidade.

O rexistrador que cualificase un documento coñecerá de todas as incidencias que se produzan ata a terminación do procedemento rexistral.»

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> IMPULSO Á UTILIZACIÓN DE MEDIOS TELEMÁTICOS POR PARTE DOS USUARIOS DOS SERVIZOS REXISTRAIS E NOTARIAIS

**Artigo vixésimo sétimo.** *Impulso á tramitación telemática.*

Un. Modifícase o artigo 106 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 106. *Obxecto desta sección.*

Esta sección ten por obxecto regular:

1. A atribución e uso da sinatura electrónica recoñecida por parte de notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles, no exercicio das súas funcións públicas.

2. Os sistemas de emisión, transmisión, comunicación e recepción de información entre notarios e rexistradores, así como do resto dos documentos que de conformidade co disposto na súa lexislación específica poidan ser obxecto de inscrición nos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles.»

Dous. Modifícase o artigo 107 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 107. *Implantación obrigatoria de sistemas telemáticos.*

1. Os notarios e os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles disporán obrigatoriamente de sistemas telemáticos para a emisión, transmisión, comunicación e recepción de información.

2. O Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España e o Consello Xeral do Notariado disporán de redes privadas telemáticas que deberán garantir unha interconexión segura por procedementos exclusivos cuxos parámetros e características técnicas sexan xestionadas polas respectivas organizacións corporativas. Todos os rexistradores e notarios están obrigados a se integrar na súa respectiva rede telemática. Tales redes deberán permitir que as oficinas públicas rexistrais se conecten entre si e cos sistemas de información corporativos da súa organización corporativa. De igual modo, deberán permitir a interconexión das oficinas públicas notariais entre si e cos seus sistemas de información corporativos.

3. A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, en desenvolvemento do previsto nesta sección, determinará, mediante as instrucións oportunas, as características que teñan que reunir os indicados sistemas, con tecnoloxías periodicamente actualizadas, de conformidade coa lexislación notarial e hipotecaria, respectivamente, garantindo a

ruptura do nexo de comunicación, de forma que se impida o telebaleirado e a manipulación do núcleo central dos seus respectivos sistemas de almacenamento da información. Así mesmo, compéttelle á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado a inspección e o control do cumprimento do relativo ás características técnicas dos sistemas de información corporativos do Consello Xeral do Notariado e do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España. No exercicio desta competencia poderá requirir a colaboración dos órganos técnicos que entenda oportuno, así como ordenarlles mediante instrucións ás diferentes organizacións corporativas que adopten as medidas precisas para o funcionamento do sistema.»

Tres. Modifícase o artigo 108 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 108. *Adecuación aos principios reitores da sinatura electrónica.*

1. A prestación de servizos de certificación farase de conformidade co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, para efectos de expedir certificados electrónicos mediante os que se vinculen uns datos de verificación de sinatura á identidade, calidade profesional, situación administrativa dos notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles en activo así como á praza de destino asignada.

Os notarios e rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles deberán dispoñer, para a adecuada prestación das súas funcións públicas, de sinatura electrónica recoñecida. A devandita sinatura electrónica recoñecida deberase obter dun prestador de servizos de certificación que cumpra cos requisitos previstos no artigo 20 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, e, en todo caso, con pleno respecto ao principio de libre acceso á actividade de prestación dos servizos de certificación.

Regulamentariamente desenvolveranse os requisitos a que se teñan que someter os dispositivos de creación e verificación de sinatura electrónica, a forma en que deban ser xerados e entregados aos seus titulares, as mencións que deban conter os certificados, o procedemento e publicidade da súa vixencia, suspensión ou revogación, no marco do disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

2. A emisión, transmisión, comunicación e recepción de información que permita a presentación de títulos notariais nos diferentes rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles, así como o envío de canta notificación, cualificación e comunicación lles deban dirixir estes aos notarios realizárase mediante os sistemas de información corporativos de cada organización debidamente conectados.

O Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España e o Consello Xeral do Notariado, a través dos seus medios correspondentes, deberán garantir aos prestadores de servizo de certificación que o soliciten, incluídas as respectivas organizacións corporativas, a condición de rexistrador ou notario en activo ao tempo da sinatura da cualificación ou comunicación notificada ou do instrumento público remitido, a vixencia, revogación e suspensión do certificado electrónico, mediante o mantemento dun directorio actualizado de certificados debidamente protexido, así como un servizo de consulta permanente, rápido e seguro.

Así mesmo, ambas as organizacións corporativas deberán aplicar o mecanismo de selaxe de tempo en canto o envío e a recepción de información se practique, nos termos que regulamentariamente se dispoña. Para tal fin, deberán dispoñer de sistemas horarios homoxéneos debendo sincronizar os respectivos sistemas de selaxe de tempo co sinal horario do Real Instituto e Observatorio da Armada, de conformidade co previsto no Real decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se lle atribúe a ese laboratorio a función de depositario do Patrón Nacional de Tempo.

En todo caso, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, para o adecuado cumprimento do principio de prioridade rexistral, deberá establecer en cada rexistro da propiedade, mercantil e de bens mobles unha soa fonte de selaxe de tempo sincronizada nos termos expostos no parágrafo precedente para todos os títulos que poidan causar inscrición de conformidade co disposto nos artigos 3 da Lei hipotecaria e 18 do Código de Comercio, este último, aprobado polo Real decreto do 22 de agosto de 1885. A devandita fonte única de selaxe de tempo deberá garantir que os títulos presentados telematicamente, con independencia da súa orixe, se asentán correlativamente con expresión da unidade de tempo precisa para tal fin.

No cumprimento das obrigas previstas neste punto, o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España e o Consello Xeral do Notariado actuarán con autonomía e respecto aos diferentes sistemas empregados por cada organización corporativa; malia isto deberán colaborar para garantir o adecuado funcionamento do sistema, sendo obrigatorias para os seus respectivos membros as medidas internas de unificación técnica e procedemento que adopten para a consecución da devandita coordinación en todas as oficinas públicas, rexistrais e notariais.

Correspóndelle á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado a inspección e control do cumprimento do previsto neste punto e, especialmente, o relativo ao exame e verificación técnica dos requisitos que teñen que cumprir as diferentes redes telemáticas, sistemas de acreditación e verificación da vixencia dos certificados electrónicos e sistemas de selaxe de tempo. No exercicio desta competencia poderá requirir a colaboración dos órganos técnicos que entenda oportuno, así como ordenarlles mediante instrucións ás diferentes organizacións corporativas que adopten as medidas precisas para o funcionamento do sistema.

Regulamentariamente poderanse modificar as obrigas relativas á emisión, transmisión, comunicación e recepción de información mediante os sistemas de información corporativos de cada organización, ampliándoo a outros sistemas de información que poidan aparecer no futuro. En todo caso estes sistemas de información deberán cumprir coas mesmas características que determine a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado para os sistemas de información do Consello Xeral do Notariado e do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España previstas no artigo 107.3 desta lei.»

Catro. Modifícase a letra a) do punto primeiro do artigo 109 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«a) Estar amparada por un certificado recoñecido emitido por un prestador de servizos de certifi-

cación, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.»

Cinco. Modifícanse os puntos primeiro e segundo do artigo 112 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que pasan a ter a seguinte redacción:

«1. Salvo indicación expresa en contrario dos interesados, os documentos susceptibles de inscrición nos rexistros da propiedade, mercantís ou de bens mobles poderán ser presentados nestes por vía telemática e con sinatura electrónica recoñecida do notario autorizante, interveniente ou responsable do protocolo. O notario deberá inescusablemente remitir tal documento a través do sistema de información central do Consello Xeral do Notariado debidamente conectado co sistema de información corporativo do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España. O notario deberá deixar constancia diso na matriz ou, de ser o caso, no libro indicador.

2. En tales casos, o rexistrador da propiedade, mercantil ou de bens mobles comunicarlle ao notario autorizante, ou ao seu sucesor no protocolo, por vía telemática e con sinatura electrónica recoñecida deste, tanto a práctica do asento de presentación, como, de ser o caso, a denegación deste, a nota de cualificación e a realización da inscrición, anotación preventiva, cancelación ou nota marxinal que corresponda, conforme os principios da lexislación rexistral. As notificacións ou comunicacións que deba efectuar o rexistrador por vía telemática ao notario autorizante do título, ou ao seu sucesor no protocolo, remitiranse a través do sistema de información corporativo do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España debidamente conectado co sistema de información central do Consello Xeral do Notariado.»

Seis. Engádesse un novo punto quinto ao artigo 112 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Respecto da presentación de documentos xudiciais, administrativos ou privados que poidan causar inscrición nos diferentes rexistros observáranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Tratándose de documentos xudiciais, a súa presentación realizarase a través do punto neutro xudicial ou sistema de información telemático que o substitúa, para o cal se deberá conectar co sistema telemático de información do Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España. No relativo á acreditación da condición do asinante, a vixencia, revogación e suspensión do certificado de sinatura electrónica do funcionario xudicial remitente observárase o disposto na súa lexislación específica.

2.<sup>a</sup> No caso de documentos administrativos, a Administración pública que pretenda inscribir aqueles deberá utilizar técnicas e medios electrónicos informáticos e telemáticos que garantan a identificación da Administración actuante e o exercicio das súas competencias. En calquera caso, os programas e aplicacións electrónicos, informáticos e telemáticos utilizados deberán ser aprobados pola Administración correspondente.

3.<sup>a</sup> Con carácter excepcional e só nos casos e cos requisitos expresamente previstos nas leis e nos regulamentos hipotecario e do rexistro mercantil para os documentos privados en soporte papel se poderá practicar a inscrición de documentos electró-

nicos con sinatura electrónica recoñecida que sexan soporte de documentos privados presentados telematicamente nos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles.

4.<sup>a</sup> Os documentos electrónicos que sexan soporte de documentos privados que se presenten deberán estar asinados con sinatura electrónica recoñecida amparada nun certificado recoñecido conforme a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.»

**Artigo vixésimo oitavo.** *Acceso telemático aos rexistros.*

Un. Modifícanse os puntos décimo e décimo primeiro do artigo 222 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasan a ter a seguinte redacción:

«10. A manifestación dos libros do rexistro deberase facer, se así se solicita, por medios telemáticos. A devandita manifestación implica o acceso telemático ao contido dos libros do rexistro. Para tal efecto, se quen consulta é unha autoridade, empregado ou funcionario público que actúe por razón do seu oficio e cargo, cuxo interese se presume en atención á súa condición, o acceso realizarase sen necesidade de intermediación por parte do rexistrador. A devandita autoridade, empregado ou funcionario público deberase identificar coa súa sinatura electrónica recoñecida ou por calquera outro medio tecnolóxico que no futuro a substitúa. Cando o consultante sexa un empregado ou funcionario público, responderán estes de que a consulta se efectúa amparada no cumprimento estrito das funcións que respectivamente lles atribúe a lexislación vixente. En todo caso, a autoridade, empregado ou funcionario público non poderá acceder telematicamente sen intermediación do rexistrador ao índice de persoas.

11. Regulamentariamente concretarase o procedemento para autorizar a restrición do acceso á información relativa a determinadas persoas, comerciantes ou predios cando iso veña imposto por razón da protección da seguridade e integridade das persoas ou os bens.»

Dous. Engádesse un novo artigo 222 bis á Lei hipotecaria do 8 de febreiro de 1946, coa seguinte redacción:

«1. As solicitudes de información axustaranse a un modelo informático que terá os campos necesarios para identificar o solicitante, o interese que acredita, de ser o caso, o predio, os dereitos, libros ou asentos a que se contrae a información.

A Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado aprobará o modelo informático de consulta e os requisitos técnicos a que se deba suxeitar este.

2. A identificación do solicitante efectuarase mediante os apelidos, nome e número de identidade das persoas físicas e razón social ou denominación das persoas xurídicas, número do seu código de identificación e enderezo de correo electrónico hábil para os efectos de notificacións. En todo caso, a solicitude deberá estar asinada coa sinatura electrónica recoñecida do solicitante, da persoa xurídica ou do representante desta.

3. O interese expresarase de forma sucinta nun recadro que advertirá das limitacións impostas polo ordenamento en relación ao uso que se lle pode dar á devandita información. Non obstante, se o rexistrador enténdese que non quedou acreditado de modo suficiente o devandito interese lexítimo, poderá solicitar que se lle complete este. En todo caso, o rexistrador deberalle notificar ao solicitante

no prazo máximo de vinte e catro horas se autoriza ou denega o acceso, neste último caso de forma motivada.

4. A resolución sobre o acceso solicitado notificaráselle no prazo máximo dun día hábil ao solicitante e, en caso de ser positiva, incorporará o código individual que permitirá o acceso á páxina que reproduza o contido rexistral relativo ao predio solicitado. Este contido rexistral, que se limitará aos asentos vixentes, poráselle de manifesto ao interesado durante o prazo de vinte e catro horas desde a notificación accedendo a este.

Se o rexistrador se negase inxustificadamente a manifestar os libros do rexistro, observarase o disposto no artigo 228 da Lei hipotecaria.

5. Os predios e dereitos identificaranse a través de:

a) Calquera dos seus titulares, facendo constar o apelido, nome e número do documento nacional de identidade ou documento que permita identificar as persoas físicas e razón social ou denominación das persoas xurídicas.

b) Libro, asento, tomo e folio rexistral.

c) Referencia catastral, cando constase no rexistro.

Cando a consulta se refira ás fichas do Índice de Persoas, faranse constar soamente as circunstancias da letra a) anterior. O mesmo se observará respecto do Libro de Incapacitados.

6. As notificacións a que se refire este artigo entre o rexistrador e o solicitante realizaranse no enderezo de correo electrónico que designe este e deberán contar coa sinatura electrónica recoñecida do rexistrador.»

Tres. Modifícase o artigo 238 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasa a ter a seguinte redacción:

«O rexistro da propiedade levarase en libros foliados e visados xudicialmente.

Os libros dos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles deberanse levar por medios informáticos que permitan en todo momento o acceso telemático ao seu contido.

O rexistro disporá dun sistema de selaxe temporal que deixará constancia do momento en que o soporte papel se trasladou a soporte informático.

En caso de destrución dos libros, substituiranse conforme o disposto nas leis do 15 de agosto de 1873 e do 5 de xullo de 1938.»

Catro. Modifícase o artigo 248 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. O contido dos libros do rexistro deberá ser actualizado no mesmo día en que se presenten os títulos para inscrición, se a devandita presentación se efectúa en horas de oficina. A actualización deberase realizar con independencia do medio utilizado para a presentación dos títulos. O rexistrador deberá dispoñer dos medios materiais e persoais necesarios para cumprir coa obriga de actualización. Se non fose posible expedir o asento de presentación, observarase o disposto no punto primeiro do artigo 417 do Regulamento hipotecario.

Igualmente, e antes da hora de apertura ao público, deberanse incorporar as modificacións que resulten da presentación daqueles títulos que se efectuasen no día hábil precedente fóra de horas, atendendo á rigorosa orde de ingreso se se presentasen telematicamente. Se o título se presentase por correo ou telefax fóra das horas de oficina, observa-



rase o disposto nos puntos tres a cinco do artigo 418 do Regulamento hipotecario.

2. Para cumprir coa obriga de actualización inmediata do contido dos libros, os rexistradores levarán un libro de entrada onde se fará constar de modo inmediato a presentación dos títulos pola rigorosa orde en que ingresasen os documentos, con expresión da persoa que os presente, o tempo exacto da súa presentación indicando a unidade temporal precisa, o medio de presentación, sexa físico, por correo, por telefax ou por remisión telemática e os datos precisos que permitan identificar o predio afectado polo título presentado. Así mesmo, adoptaranse as cautelas necesarias para que en ningún caso sexa posible a manipulación ou alteración da orde de presentación dos títulos ou dos asentos xa practicados.

O libro de entrada deberá ser accesible telematicamente e de modo directo para os funcionarios e empregados aos cales se lles supón o seu interese na consulta dos libros, de conformidade co disposto nos artigos 221.2 e 222.10 da Lei hipotecaria.

3. Se o título se presentase telematicamente, observaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> O sistema telemático de comunicación empregado deberá xerar un xustificante de recepción dixital mediante un sistema de selaxe temporal acreditativo do tempo exacto con expresión da unidade temporal precisa de presentación do título.

2.<sup>a</sup> De conformidade co artigo 112.4 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, se o título se ingresase en horas de oficina, o rexistrador procederá no mesmo día a practicar o asento de presentación correspondente ao título presentado atendendo á orde de presentación deste. Se non fose posible expedir o asento de presentación, observarase o disposto no punto primeiro do artigo 417 do Regulamento hipotecario. Se o título se presentase fóra das horas de oficina, deberase expedir o asento de presentación no día hábil seguinte atendendo, igualmente, á orde rigorosa de presentación daquel, de conformidade coa selaxe temporal.

3.<sup>a</sup> O rexistrador notificará telematicamente no mesmo día en que se expedise o asento de presentación a súa práctica así como, de ser o caso, a súa denegación. Neste último suposto deberanse motivar suficientemente as causas impeditivas, de conformidade co punto cuarto do artigo 258 da Lei hipotecaria.

4.<sup>a</sup> Se se presentasen telematicamente ou en papel no mesmo día e hora títulos relativos a un mesmo predio que resulten contraditorios tomarase anotación preventiva de cada un, comprensiva da imposibilidade de expedir o asento solicitado. Esta anotación preventiva comunicarase para os efectos de que os interesados ou os tribunais procedan a decidir a orde de preferencia.

4. Os documentos presentados por telefax, cando a lei ou o regulamento admitan este medio de presentación, asentarase no diario de conformidade coa regra xeral, coa excepción daqueles que se reciban fóra das horas de oficina, que se asentarán no día hábil seguinte.

O asento de presentación caducará se, no prazo de dez días hábiles seguintes, non se presenta no rexistro o título orixinal ou a súa copia autorizada.»

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> RÉXIME DE RECURSOS E DISCIPLINARIO

#### **Artigo vixésimo noveno.** *Motivos de recurso ou instancia do cadro de substitucións.*

Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 19 bis do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Se o rexistrador cualifica negativamente o título, sexa total ou parcialmente, dentro ou fóra do prazo a que se refire o artigo 18 da lei, o interesado poderá recorrer ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ou ben instar a aplicación do cadro de substitucións previsto no artigo 275 bis da lei.»

#### **Artigo trixésimo.** *Réxime xurídico do recurso fronte á decisión do rexistrador.*

Modifícase o artigo 228 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Se o rexistrador se nega á manifestación dos libros do rexistro ou a expedir certificación daquilo que conste neles, o interesado poderá recorrer contra a decisión deste ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sendo de aplicación o disposto nos artigos 327 e 328 da Lei hipotecaria no relativo á lexitimación para recorrer, o prazo, o lugar de presentación do recurso, a formación do expediente e o contido do informe do rexistrador, o prazo de resolución e a revisión xurisdiccional desta.»

#### **Artigo trixésimo primeiro.** *Tramitación de recursos.*

Modifícanse os parágrafos primeiro e terceiro do artigo 66, o parágrafo primeiro do artigo 324, os parágrafos primeiro, quinto e décimo do artigo 327 e os parágrafos primeiro, segundo e cuarto do artigo 328, todos eles do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasan a ter a seguinte redacción:

Un. O parágrafo primeiro do artigo 66 pasa a ter a seguinte redacción:

«Os interesados poderán reclamar contra o acordo de cualificación do rexistrador, polo cal suspende ou denega o asento solicitado. A reclamación poderase iniciar ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado ou ben directamente ante o xulgado de primeira instancia competente. Sen prexuízo diso, poderán tamén acudir, se queren, aos tribunais de xustiza para dirimir e contender entre si acerca da validez ou nulidade dos mesmos títulos. No caso de que se suspendese a inscrición por faltas emendables do título e non se solicitase a anotación preventiva, poderán os interesados emendar as faltas nos sesenta días que duran os efectos do asento de presentación. Se se expide a anotación preventiva, poderase facer no tempo en que esta subsista, segundo o artigo 96 desta lei.»

Dous. O parágrafo terceiro do artigo 66 pasa a ter a seguinte redacción:

«No caso de recorrer contra a cualificación, todos os termos expresados nos dous parágrafos anteriores quedarán en suspenso desde o día en que se interpoña a demanda ou o recurso ata o da súa resolución definitiva.»

Tres. O parágrafo primeiro do artigo 324 pasa a ter a seguinte redacción:

«As cualificacións negativas do rexistrador poderanse impugnar potestativamente ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado na forma e segundo os trámites previstos nos artigos seguintes, ou ser impugnadas directamente ante os xulgados da capital da provincia a que pertenza o lugar en que estea situado o inmovible, sendo de aplicación as normas do xuízo verbal e observándose, na medida en que sexan aplicables, as disposicións contidas no artigo 328 desta lei.»

Catro. O parágrafo primeiro do artigo 327 pasa a ter a seguinte redacción:

«O recurso, no caso de que o recorrente opte por inicialo ante a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, presentarse no rexistro que cualificou para o devandito centro directivo, debéndoselle xuntar a aquel o título obxecto da cualificación, en orixinal ou por testemuño, e unha copia da cualificación efectuada.»

Cinco. O parágrafo quinto do artigo 327 pasa a ter a seguinte redacción:

«Se non recorrese o notario autorizante, a autoridade xudicial ou o funcionario que expediu o título, o rexistrador, no prazo de cinco días, deberalles trasladar a estes o recurso para que, nos cinco días seguintes contados desde a súa recepción, realicen as alegacións que consideren oportunas.»

Seis. O parágrafo décimo do artigo 327 pasa a ter a seguinte redacción:

«Publicada no Boletín Oficial del Estado a resolución expresa pola que se estime o recurso, terá carácter vinculante para todos os rexistradores mentres non a anulen os tribunais. A anulación daquela, unha vez firme, será publicada do mesmo modo.»

Sete. O parágrafo primeiro do artigo 328 da Lei hipotecaria pasa a ter a seguinte redacción:

«As cualificacións negativas do rexistrador e, de ser o caso, as resolucións expresas e presuntas da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado en materia do recurso contra a cualificación dos rexistradores serán impugnables ante os órganos da orde xurisdiccional civil, sendo de aplicación as normas do xuízo verbal.»

Oito. O parágrafo segundo do artigo 328 pasa a ter a seguinte redacción:

«A demanda deberase interpoñer dentro do prazo de dous meses, contados desde a notificación da cualificación ou, de ser o caso, da resolución ditada pola dirección xeral, ou, tratándose de recursos desestimados por silencio administrativo, no prazo de cinco meses e un día desde a data de interposición do recurso, ante os xulgados da capital da provincia a que pertenza o lugar en que estea situado o inmovible e, de ser o caso, os de Ceuta ou Melilla.»

Nove. O parágrafo cuarto do artigo 328 pasa a ter a seguinte redacción:

«Carecen de lexitimación para recorrer contra a resolución da dirección xeral o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, o Consello Xeral do Notariado e os colexios notariais. O notario autorizante do título ou o seu sucesor no protocolo, así como o rexistrador da propiedade,

mercantil e de bens mobles cuxa cualificación negativa fose revogada mediante resolución expresa da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado poderán recorrer contra a resolución desta cando afecte un dereito ou interese do cal sexan titulares. O xuízo que coñeza do recurso interposto poderalle exixir ao recorrente a prestación de caución ou fianza para lle evitar calquera prexuízo ao outorgante do acto ou negocio xurídico que fose cualificado negativamente.»

#### **Artigo trixésimo segundo. Réxime disciplinario.**

Un. Modifícase o artigo 313.A).h) do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por Decreto do 8 de febreiro de 1946, que quedará coa seguinte redacción:

«h) O atraso inxustifico e xeneralizado na inscrición dos títulos presentados. Para estes efectos, considérase xeneralizado aquel atraso que afecta un dez por cento ou máis dos títulos atendendo ao número dos presentados trimestralmente.»

Dous. Modifícase o artigo 313.B).b) do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) A negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas, así como a ausencia inxustificada por máis de dous días do lugar da súa residencia, sempre que cause dano a terceiro; en particular considerárase para os efectos desta infracción de negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas, a denegación inxustificada do rexistrador a estender asento de presentación, a inscribir, a expedir nota, a motivar as súas actuacións, en particular a súa cualificación negativa, a notificar nos termos legal ou regulamentariamente previstos, a practicar os asentos ou a elevar o expediente nos prazos e forma establecidos.»

Tres. Engádense dúas novas letras j) e k) ao artigo 313.B) do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por Decreto do 8 de febreiro de 1946, que quedan coa seguinte redacción:

«j) O atraso inxustifico na inscrición dos títulos presentados.»

«k) O incumprimento e a falta de obediencia ás instrucións e resolucións de carácter vinculante da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, así como a falta de respecto ou menosprezo ao devandito centro directivo.»

Catro. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 313.C) do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por Decreto do 8 de febreiro de 1946, coa seguinte redacción:

«C) É infracción disciplinaria leve, se non procedese cualificala como grave ou moi grave, o incumprimento dos deberes e obrigas impostos pola lexislación rexistral ou, con base nela, por resolución administrativa ou acordo corporativo. Tratándose do incumprimento dun acordo corporativo, será necesario que o rexistrador previamente fose requirido para a súa observancia polo Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.»

Cinco. Modifícase o artigo 43.Dous.B).b) da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) A negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas así como a ausencia inxustificada por máis de dous días do lugar da súa residencia, sempre que cause dano a terceiro; en particular considerárase para os efectos desta infracción de negativa inxustificada á prestación de funcións requiridas, a denegación inxustificada por parte do notario a autorizar un instrumento público.»

Seis. Engádesse unha nova letra d) ao artigo 43.Dous.B).g) da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, coa seguinte redacción:

«d) O incumprimento e a falta de obediencia ás instrucións e resolucións de carácter vinculante da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, así como a falta de respecto ou menosprezo ao devandito centro directivo.»

Sete. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 43.Dous.C) da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que quedará coa seguinte redacción:

«C) É infracción disciplinaria leve, se non procedese cualificala como grave ou moi grave, o incumprimento dos deberes e obrigas impostos pola lexislación rexistral ou, con base nela, por resolución administrativa ou acordo corporativo. Tratándose do incumprimento dun acordo corporativo, será necesario que o notario previamente fose requirido para a súa observancia polo órgano corporativamente competente.»

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> OUTRAS REFORMAS EN MATERIA DE FE PÚBLICA

##### **Artigo trixésimo terceiro.** *Responsabilidade por erros e omisións nas notas simples informativas.*

Modifícase o punto quinto do artigo 222 do texto refundido da Lei hipotecaria, aprobado por Decreto do 8 de febreiro de 1946, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. A nota simple informativa ten valor puramente informativo e non dá fe do contido dos asentos, sen prexuízo da responsabilidade do rexistrador, polos danos ocasionados polos erros e omisións padecidos na súa expedición. Deberá reproducir, literal se así o solicita o interesado, ou en extracto noutro caso, o contido dos asentos vixentes relativo ao predio obxecto de manifestación, onde conste, polo menos, a identificación deste, a identidade do titular ou titulares de dereitos inscritos sobre el e a extensión, natureza e limitacións destes. Así mesmo faranse constar, en todo caso, as prohibicións ou restricións que afecten os titulares ou os dereitos inscritos.

Tamén se poderá expedir nota simple relativa a determinados extremos solicitados polo interesado.»

##### **Artigo trixésimo cuarto.** *Regulación para a constancia rexistral do xuízo de suficiencia notarial.*

Modifícase o punto segundo do artigo 98 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O resumo por parte do notario dos datos identificativos do documento auténtico e a súa valoración da suficiencia das facultades representativas farán fe suficiente, por si soas, da representación acreditada, baixo responsabilidade do notario. O

rexistrador limitará a súa cualificación á existencia do resumo identificativo do documento, do xuízo notarial de suficiencia e á congruencia deste co contido do título presentado, sen que o rexistrador poida solicitar que se lle transcriba ou xunte o documento do cal nace a representación.»

### CAPÍTULO III

#### **Mellora nos trámites administrativos**

##### **Artigo trixésimo quinto.**

Modifícase a disposición adicional oitava da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. Subvencións que integran o programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais:

As subvencións que integran o Programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, da mesma forma que as subvencións que integran plans ou instrumentos similares que teñan por obxecto levar a cabo funcións de asistencia e cooperación municipal, rexeranse pola súa normativa específica e serán de aplicación supletoria as disposicións desta lei.»

##### **Disposición adicional primeira.** *Aranceis notariais e rexistrais por modificación da denominación na sociedade nova empresa.*

No relativo exclusivamente á modificación da denominación na sociedade nova empresa, prevista no artigo 140 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, non se devengarán dereitos arancelarios notariais e rexistrais, se o cambio de denominación se realiza no prazo de tres meses desde a constitución.

O mesmo tratamento en canto a non-devengo de dereitos arancelarios notariais e rexistrais merecerán as sociedades limitadas nova empresa xa constituídas que realicen o cambio de denominación no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

##### **Disposición adicional segunda.** *Información relativa á aplicación do arancel notarial e rexistral.*

Os notarios e os rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles facilitaranlles información relativa á aplicación do arancel notarial e rexistral, a través do Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís, aos ministerios de Xustiza e de Economía e Facenda.

O incumprimento da obriga de facilitar información relativa á aplicación do arancel notarial e rexistral terá a consideración de infracción grave.

Habílanse os ministros de Economía e Facenda e de Xustiza para regularen conxuntamente por orde ministerial por proposta de ambos os ministerios os modelos e procedementos de remisión de información relativa á aplicación dos aranceis notarial e rexistral.

##### **Disposición adicional terceira.** *Cesión de información de carácter tributario por medios informáticos ou telemáticos.*

Sempre que na tramitación dun procedemento administrativo sexa necesaria a obtención de información da



Axencia Estatal de Administración Tributaria, procederáse da seguinte forma:

a) Naqueles casos en que exista unha norma con rango de lei que ampare a cesión de información tributaria sen necesidade de consentimento do interesado, a Axencia Estatal de Administración Tributaria procederá a facilitala, por instancia da Administración pública que tramita o procedemento, mediante certificado telemático ou transmisión de datos, de conformidade coa normativa regulamentaria reguladora dos certificados telemáticos e transmisións de datos.

b) Cando a cesión de información exixa o consentimento do interesado, a Administración pública que tramita o procedemento solicitará o consentimento deste para que se proceda á cesión da información correspondente a través dunha transmisión de datos ou dun certificado telemático por instancia do órgano requirente, de conformidade coa normativa regulamentaria reguladora dos certificados telemáticos e transmisións de datos. No caso de que o interesado non preste o consentimento, a Administración pública que tramita o procedemento exixiralle a achega do correspondente certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

**Disposición adicional cuarta.** *Sistema de constitución telemática da sociedade limitada nova empresa.*

Respecto da constitución telemática da sociedade limitada nova empresa, os notarios e rexistradores remitiranse a información e documentación necesaria para a constitución deste tipo social a través do sistema CIRCE mediante a utilización da súa sinatura electrónica recoñecida. Así mesmo, os notarios e os rexistradores utilizarán este sistema de información nas relacións telemáticas que deban manter coas administracións públicas para a constitución do devandito tipo societario.

En canto ao exercicio das restantes funcións públicas exercidas por notarios e rexistradores, e no relativo á incorporación das técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas á seguridade xurídica preventiva, observárase o disposto na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

**Disposición adicional quinta.** *Xeración de crédito para o financiamento de actuacións de apoio á actividade industrial e desenvolvemento tecnolóxico en Galicia.*

Os ingresos derivados do reintegro efectivo no exercicio 2005 de pagamentos realizados en exercicios anteriores, con cargo ao crédito 20.15.723B.785, non aplicados á súa finalidade, poderán xerar crédito, no devandito exercicio, na sección 20, programa 422M, servizo 16, nun concepto de nova creación incluído no artigo 75, con destino ao Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), para o financiamento de actuacións de apoio á actividade industrial e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

A competencia para autorizar a indicada xeración de crédito corresponderá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

As achegas a favor do IGAPE a que se refire esta disposición instrumentaranse mediante a subscripción dun convenio de colaboración dos previstos no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Disposición adicional sexta.** *Regulación das garantías exixidas para outorgar un crédito Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD).*

Modifícase o número 2 do punto 2 da disposición adicional vixésimo segunda da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado como segue:

«2. Os créditos e liñas de financiamento concesionais, así como as doazóns outorgadas a Estados, institucións públicas estranxeiras ou empresas públicas ou privadas residentes no estranxeiro con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento destinaranse ao financiamento de proxectos de desenvolvemento destes países, para os cales o beneficiario adquiera bens e servizos españois, ou alternativamente de calquera procedencia distinta da española cando haxa razóns, apreciadas polo Ministerio de Economía, que o xustifiquen. Igualmente poderanse poñer á disposición dos países beneficiarios liñas de financiamento co obxecto de impulsar a actividade produtiva, en especial, a de pequenas e medianas empresas.

Nos créditos outorgados a empresas públicas ou privadas residentes no estranxeiro será necesario que os correspondentes Estados garantan directamente a operación crediticia.

Excepcionalmente, poderanse admitir outras garantías non soberanas en operacións de préstamo a administracións subnacionais ou a empresas públicas, de acordo aos límites e criterios que estableza a Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (CIFAD). Estas operacións non superarán anualmente no seu conxunto o 5 por cento do importe máximo de aprobacións polo Consello de Ministros que establece o punto tres desta disposición adicional e que determina anualmente a Lei de orzamentos xerais do Estado.

As condicións financeiras dos créditos e liñas de financiamento concesionais estableceranse conforme os requisitos establecidos no acordo da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) sobre Directrices en Materia de Crédito á Exportación con Apoio Oficial, ou naqueles outros tratados ou acordos internacionais que substitúan ou complementen aquel.

Cando no país beneficiario acontezan situacións de guerra, terremotos ou catástrofes naturais de singular gravidade ou outras circunstancias excepcionais, o Goberno poderá autorizar a realización de doazóns con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento (FAD), sen prexuízo do previsto con carácter xeral no número 3 deste punto dous en canto á realización das doazóns para o financiamento de estudos.»

**Disposición adicional sétima.** *Modificación do artigo 16 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil.*

Engádense ao artigo 16 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil, tres novos puntos co seguinte teor:

«3. Nos casos de adopción internacional, o adoptante ou os adoptantes, de común acordo, poden solicitar directamente no Rexistro Civil do seu domicilio que se estenda a inscrición principal de nacemento e a marxinal de adopción, así como a extensión, no folio que entón corresponda, dunha nova inscrición de nacemento en que constarán soamente, ademais dos datos do nacemento e do

nacido, as circunstancias persoais dos pais adoptivos, a oportuna referencia ao matrimonio destes e a constancia do seu domicilio como lugar de nacemento do adoptado.

4. Igualmente, nas inscricións de nacemento que sexan consecuencia da adquisición da nacionalidade española por cidadáns cuxo lugar de nacemento sexa un país estranxeiro, os interesados poderán solicitar, no momento de se levantar a acta de xuramento ou promesa de fidelidade ao Rei e obediencia á Constitución e ás leis, que se estenda a inscrición de nacemento no Rexistro Civil Municipal correspondente ao domicilio en que se instrúe o oportuno expediente rexistral.

5. O Rexistro Civil en que se practique a inscrición de nacemento acaecido no estranxeiro conforme o disposto nos puntos 3 e 4 deste artigo, comunicaralle a devandita inscrición ao Rexistro Civil Central, que seguirá sendo competente para todos os demais actos de estado civil que afecten o inscrito.»

**Disposición adicional oitava.** *Modificación do punto segundo do artigo 18 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil.*

O punto segundo do artigo 18 da Lei do 8 de xuño de 1957, reguladora do Rexistro Civil, queda redactado nos seguintes termos:

«Igualmente levaranse no Rexistro Civil Central os libros formados cos duplicados das inscricións consulares e das inscricións de nacemento practicadas nos rexistros municipais do domicilio conforme o disposto no punto 5 do artigo 16.»

**Disposición adicional novena.** *Réxime de concesión de bolsas e axudas ao estudo.*

As bolsas e axudas ao estudo que se convoquen con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación e Ciencia para seguir estudos regrados e para as cales non se fixe un número determinado de beneficiarios, concederánselles de forma directa, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aos alumnos dos distintos niveis do sistema educativo, tanto universitario como non universitario.

A súa contía fixarase en función dos custos concretos que xere a educación para os estudantes, así como das circunstancias socioeconómicas da súa unidade familiar. As bolsas concederanse atendendo ao aproveitamento académico, cando proceda, así como aos niveis de renda e patrimonio con que conte a unidade familiar.

O réxime de bolsas e axudas ao estudo a que se refire este artigo desenvolverase regulamentariamente mediante real decreto que deberá contar con informe favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

**Disposición adicional décima.** *Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, presentará ante o Congreso dos Deputados un Plan de Acción de Aforro e Eficiencia Enerxética para os próximos anos, coa colaboración das comunidades autónomas, no cal se observarán medidas e accións dirixidas a incentivar a redución do consumo enerxético nos principais sectores consumidores e o desenvolvemento de actividades en fontes de enerxía renovables e de coxeración.

**Disposición derogatoria.** *Derogación normativa.*

1. En particular, quedan derogadas as seguintes normas:

1.1 O parágrafo sexto do artigo 328 da Lei hipotecaria.

1.2 O artigo 329 da Lei hipotecaria.

2. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei.

**Disposición transitoria.**

O previsto na disposición adicional novena da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, resultará de aplicación a todos os elaborados de tabaco actualmente aprehendidos ou comisados, con independencia da data da aprehensión ou comiso.

**Disposición derradeira primeira.** *Títulos competenciais.*

O disposto no título I desta lei ten o carácter de normas básicas ditadas ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución.

O disposto no título II desta lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral ditada ao abeiro do artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup>

**Disposición derradeira segunda.** *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nesta lei.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de novembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**19084** *REAL DECRETO 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.* («BOE» 278, do 21-11-2005.)

Este real decreto ten por obxecto establecer as bases de regulación do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes